

foz

Estrea un renovado parque infantil e melloran o firme en varios viais. **Pax. 6**

viveiro

Remataron as obras do paseo marítimo, que se levaron a cabo co apoio da Deputación. **Pax. 8**

barreiros

Falamos coa rexedora, Ana Ermida, sobre o presente e futuro do Concello. **Pax. 17**

cervo

A asociación de xubilados Terra-Mar de San Cibrao cumpre 25 anos de historia. **Pax. 19**

xove

O colectivo Saíñas de Xove leva 40 anos bailando pola Mariña e Europa. **Pax. 21**

Días de festa e diversión

Burela abre o calendario festivo na comarca, ao que se suman o resto de concellos coa chegada do bo tempo e trala Semana Santa



Altri abandona o proxecto da Mariña

A firma decidiu instalarse en Palas de Rei malia as protestas dos dirixentes da comarca. **Pax. 2**

As Letras de Florencio Delgado

O autor homenaxeado no Día das Letras Galegas é un reflexo da cultura galega no século XX. **Pax. 4-5**

Amarte de Burela



Volve en agosto o Certame Internacional de Pintura Mural burelés. **Pax. 10**

Feira do Trece en Alfoz



Os veciños de San Sebastián de Carballido celebran de novo a feira. **Pax.20**

Carreiras pola Mariña



A Pontenova, Trabada, Vegadeo e Ribadeo preparan varias probas. **Pax. 27**

En marcha a segunda edición de Actívate

Volven as actividades de turismo deportivo da Deputación por toda a provincia. **Pax. 24**

6 meses de Mega Aforro

Fibra **1.000 Mb**
Móbil **50 GB**
CHAMADAS ILIMITADAS

17€
/mes
~~44€/mes~~

60% DTO. DURANTE 6 MESES **Aforra 162€!**

adamo
A mega fibra



Chama gratis ao
900 651 679

Visítanos en
www.adamo.es



A revolución da Wi-Fi chega con Adamo! Instalámosche gratis o mellor router do mercado



Oferta válida exclusivamente para novos clientes que non contrataran Adamo nos últimos 3 meses e que contraten entre 02/05/2022 e o 30/06/2022, ambos incluídos. Non se pode combinar con outras promocións. Internet FAST1 + Móbil ilimitado 25 GB coa promoción, durante os primeiros 6 meses, só pagarás 17 €/mes, despois PVP total 44 €/mes. Ademais, por contratar móbil 25 GB, levas de agasallo 25 GB adicionais para sempre. Prezo final con IVE e cota de liña incluídos. Promoción suxeita a permanencia cos servizos Adamo de 12 meses. Cota de activación de 12,10 € (IVE incluído) que inclúe a instalación dun router premium. En caso de que o cliente solicite a cancelación do servizo e se dese de baixa antes dos 12 meses, terá un cargo da parte proporcional de 163,35 € (IVE incluído) en concepto de permanencia. Liñas adicionais limitadas a un máximo de 4 por cliente.

A MARIÑA

A Mariña suma dúas novas audioguías ficcionadas



A Mancomunidade de Concellos da Mariña conta con dúas novas audioguías ficcionadas, as de Foz e Cervo, que se unen ás outras cinco. As audioguías ficcionadas da Mariña Lucense son unha iniciativa – pioneira en España – que aposta por mellorar a experiencia viaxeira das persoas que nos visitan a través dun produto de calidade, personalizado e adaptado a cada municipio onde se desenvolven, que axudan a divulgar e poñer en valor a historia local entre os propios residentes e a comunidade educativa. Son historias que ata o de agora estaban ambientadas en 5 localidades:

Alfoz, Lourenzá, Mondoñedo, Ribadeo e Viveiro e a partir de hoxe tamén o estarán en Foz e Cervo. Resultado dun coidado proceso de documentación por parte do equipo de Chévere, identifícanse sucesos, personaxes e lugares con nome propio que serven para transmitir a idiosincrasia e esencia de cada un dos municipios. Son relatos ficcionados e dramatizados pola propia compañía que configuran un paseo ameno e suxerente con intervención de recursos documentais e literarios, mapas sonoros, dramatizacións, entrevistas, voces narradoras, música, etc.

En información pública a mellora da estrada de Viveiro a Cabreiros

Xa está en información pública a mellora da estrada Viveiro-Cabreiros, que suporá un investimento autonómico de 13,4 millóns de euros e acurtará o tempo de percorrido ao duplicar a extensión de terceiros carrís. Despois seguirase avanzando nos trámites necesarios co obxectivo de licitar a primeira fase das obras, que abarcarán os concellos de Viveiro e Oural onde a actuación é máis intensa, a finais deste ano. Mellorarase a capacidade e acondicionarase un treito de case 35 quilómetros da estrada LU-540 entre Viveiro-Cabreiros, concretamente,

entre o punto quilométrico 5 e o 39,5. A actuación prevé a dotación de terceiros carrís nun total de 4,6 km de lonxitude entre os dous carrís, o que significa duplicar a lonxitude dos carrís adicionais existentes, chegando aos preto de 10 km. Ademais rectificaranse as curvas máis complicadas, ampliando os radios, de modo que todo o trazado permita circular a 90 km/h. A intervención tamén recolle o reforzo integral do firme ao longo dos 35 quilómetros da vía, ademais de revisar a sinalización horizontal e vertical.

Sen 1.500 postos de traballo

Altri non instalará na Mariña a súa biofábrica de fibras naturais

A empresa portuguesa Altri comunicou que a localización ideal para a biofábrica de produción de fibras naturais será finalmente no Concello de Palas de Rei, na Comarca da Ulloa. A elección deste emprazamento, estratéxicamente situado no centro xeográfico de Galicia e que podería supoñer un novo dinamismo económico, seguiu estritos criterios técnicos, a saber, ambientais, hídricos, de proximidade ao bosque e de acceso a vías de comunicación.

A pesar de que os deputados, alcaldes e a Mancomunidade de Concellos da Mariña instaron ao goberno galego a que propiciaran que a empresa de fibras téxtiles se instalara na comarca da Mariña, os responsables da factoría portuguesa decidiron escoller o centro da provincia para o seu novo emprazamento.

A biofábrica, que se construíría desde cero en colaboración con Impulsa Galicia, un consorcio público-privado de dereito español, ocuparía case 500 hectáreas, tendo Altri xa garantido o acceso



aos terreos necesarios para a súa posta en marcha. Ademais xerará 1.500 postos de traballo directos e outros miles de indirectos.

Esta unidade estaría equipada coas mellores tecnoloxías e espérase que teña capacidade para producir ao redor de 200.000 toneladas anuais de fibras téxtiles de base celulósica, comezando inicialmente coa produción de aproximadamente 60.000 toneladas de lyocell.

Esta biounidad industrial sería capaz de abastecer á agrupación

industrial téxtil do Noroeste da Península Ibérica, contribuíndo ao fortalecemento da economía circular e á descarbonización dun importante sector económico como é o téxtil.

Este proxecto, que podería alcanzar un investimento duns 750 millóns de euros, enmárcase naturalmente no programa Next Generation EU e o Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia de España, no contexto do Proxecto de Xestión Sostible dos Bosques Galegos.



Mancomunidade

Fran Cajoto, considera que a Xunta despreza á Mariña coa ubicación de Altri. “Estamos profundamente indignados. Non se dignaron a escoitarnos. En tres ocasións solicitamos unha reunión con Francisco Conde, con Alberto Núñez Feijoo e coa xerente do consorcio Impulsa Galicia e ninguén se quixo reunir cos representantes da Mariña”.



Deputación

“Hai que ter pouca vergoña cando o PP acusa ós alcaldes da Mariña de mentir, porque se alguén mente, engana e manipula, e se alguén traizoou foi o Partido Popula”, dixo o presidente, José Tomé Roca, “deulle as costas á Mariña. Creo que ninguén o dubida. E temos que traballar para que dentro de un ano a veciñanza lle dea as costas ó PP”.



Alcaldes

“Indignación e ganas de seguir loitando”, así resumen alcaldes, alcaldes e voceiros socialistas o seu estado de ánimo despois da traizón á comarca, “unha comarca que é unha das principais produtoras de eucalipto de España, e que recibira a promesa de Feijoo de instalar a factoría de Altri para paliar a grave crise industrial que está a padecer”.



MENÚ DIARIO

MENÚS ESPECIALES

PESCADOS

Plaza Conde Fontao, 3 (Puerto) - Foz - Tel.: 982 140 433

ABIERTO TODOS LOS DÍAS

A Deputación mellorará o firme da estrada entre Burela e Cervo

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, anunciou un investimento da institución provincial de 124.000 euros para acometer obras de mellora do firme e sinalización da totalidade da estrada LU-P-1510, que conecta os concellos de Cervo e Burela. A Xunta de Goberno vén de aprobar a licitación destes traballos, que afectarán ao treito que vai do inicio da vía ata o punto quilométrico 9,301. O prazo de execución será de 3 meses unha vez iniciadas as obras. A Deputación acometerá un proxecto que contempla a reapertura de cunetas, drenaxe, limpeza, pavimentación e fresado nas zonas da vía que presenten algún tipo de fisura, un reforzo do firme na zona do polígono e a sinalización mediante marcas re-



Visita do presidente da Deputación á estrada

flexivas brancas.

O mandatario provincial sinalou a importancia desta actuación para a veciñanza, porque a LU-P-1510 "é a vía de comunicación máis directa entre o concello de Cervo e o de Burela,

dá servizo ao polígono industrial de Cuiña, e é moi empregada por turistas e visitantes nos meses de verán porque discorre paralela á costa, dá acceso a diferentes praias e por tramos conta con paseo e carril bici".

A Pontenova, Trabada, Ribadeo e San Tirso de Abres queren recuperar a senda do ferrocarril

Representantes dos concellos de A Pontenova, Trabada, Ribadeo e San Tirso de Abres reuníronse co secretario de Estado de Medio Ambiente, Hugo Morán Fernández, para solicitar a súa colaboración na recuperación da senda verde do ferrocarril. As vías verdes buscan recuperar os trazados inutilizados de tren, converténdoo en sendas accesibles, cómodas e seguras para ciclistas e peóns. Nesta reunión, os representantes municipais presentaron os proxectos realizados en 2002 e 2010 ao secretario de Estado. Hugo Morán comprometeuse a realizar un novo estudo da situación actual, xa que nos últimos

anos os municipios realizaron actuacións nesta senda ou teñen previsto realizalas.

Neste sentido, os representantes municipais coinciden na necesidade dun proxecto que integre os diferentes tramos existentes e complete os restantes para darlle continuidade de Ribadeo a A Pontenova.

O proxecto suporá un trazado de 30 quilómetros, entre Ribadeo e A Pontenova, de vital importancia para o territorio xa que implica unha recuperación medioambiental e un revulsivo económico para a zona. Ademais, trátase dun proxecto interautonómico, ao percorrer Galicia e Asturias.

As II Xornadas de Atención Temperá serán en Mondoñedo en xuño

O 4 de xuño terán lugar en Mondoñedo as II Xornadas de Atención Temperá organizadas polo servizo de do Concello de Mondoñedo e o SAT (Agrupación de Concellos de Mondoñedo, Abadín, Barreiros, Lourenzá, Pastoriza, A Pontenova, Riotorto, Trabada, Pol e Meira).

O evento, que terá lugar entre as 9.00 e as 15.00 horas, contará coa presenza de profesionais dos ámbitos da neuroloxía pediátrica, psicología da educación, logopedia e rehabilitación. Dará comezo ás 9.00 coa presentación oficial das xornadas e ás 10.00 horas será a ponencia de Ig-

nacio Málaga Diéguez, neuropediatra, *Sinais de alarma e intervención en TEA en idades temperás.*

Ás 11.00 horas será a charla *Evolución da linguaxe en prematuros. Importancia da avaliación temperá,* e estará a cargo do profesor en psicología, Miguel Pérez Pereira.

Ás 12.30 horas será a quenda da logopeda Mónica Vilameá Pérez coa charla *Atención temperá no TEL/TDL. diagnóstico en atención temperá.* E xa por último Jaime Ponte Milltelbrunn, médico de rehabilitación, falará sobre *Restos de futuro no coitado do desenvolvemento infantil.*

Investirase na mellora e limpeza da contorna fluvial do Masma

Vanse investir algo máis de 106.000 euros no río Masma no marco dun proxecto de restauración ambiental que busca recuperar o bosque de ribeira e mellorar a conectividade fluvial para facilitar o fluxo das poboacións ictícolas ao longo de 3 tramos cunha lonxitude de 48 quilómetros.

Os traballos enmárcanse no proxecto Mil Ríos, unha iniciativa coa que se aspira a mellorar 470 quilómetros de 50 cursos fluviais nas catro provincias para aumentar así a súa resiliencia e capacidade de resposta ante o cambio climático. No caso concreto do río Masma, explicaron que os traballos previstos comezarán a vindeira semana

con dous obxectivos principais: por unha banda, recuperar a vexetación de ribeira no ámbito obxectivo de intervención eliminando as especies exóticas invasoras e plantando no seu lugar autóctonas; e por outra, mellorar a conectividade fluvial actuando en varias presas para resolver os problemas detectados.

Estas actuacións, cun prazo de execución estimado dun mes, levaranse a cabo ao longo de 48 quilómetros de río e abrangerán unha superficie de 72 hectáreas pertencentes aos municipios de Mondoñedo, Barreiros e Lourenzá. A intervención prevé tamén obras de mellora na escala de Celeiro.

Saúde Mental A Mariña levará a cabo un novo programa

A Asociación Saúde Mental A Mariña recibiu unha subvención para desenvolver o Programa Velando pola miña saúde integral III durante o ano 2022. O obxectivo é prestar apoio ás usuarias da Unidade Residencial e da Vivenda Tutelada para Mulleres Víctimas de Violencia de Xénero con Enfermidade Mental na atención integral da súa saúde.

Esto permite á entidade dar continuación a un programa que brinda un apoio que resulta fundamental para elas e que contribúe significativamente na mellora da súa calidade de vida. Entre as actuacións que se están a desenvolver atópanse os acompañamentos en citas médicas e talleres de educación para a saúde entre outras.

VA VEIGUELA ABOGADOS

30 AÑOS DE EXPERIENCIA EN DERECHO LABORAL

INCAPACIDADES | DESPIDOS | ACCIDENTES LABORALES

1ª CONSULTA GRATUITA
Llámanos: **982 228 606**

Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. ☎ 982 228 606

veiguelabogados | veiguela abogados

Florencio Delgado Gurriarán

É un reflexo da cultura galega no século XX, promotor de iniciativas editoriais e radiofónicas

Florencio nace case ao mesmo tempo que o novo século, no 1903. A súa familia firmemente vinculada co traballo da terra inculcoulle non só o respecto polo medio senón tamén polo idioma e a cultura galega. Aínda despois de pasar case toda a nenez dunha cidade castelá a outra nunca esquece Valdeorras, onde regresan cada verán. E onde volve tras a morte da súa nai coa carreira de dereito rematada para comezar unha nova vida. En Valdeorras participará da vida cultural e política, participando activamente na creación do Partido Galeguista e nas primeiras eleccións da II República. O golpe de estado militar de 1936 que provocou a Guerra Civil colle ao noso poeta en Valdeorras de onde tenta escapar rapidamente ao ver o cariz que a contenda está a tomar. Os coñecementos dos montes da comarca do seu irmán, Lucio, serán a axuda máis eficaz para marcar unha rota de escape a través de Portugal cara Bordeos. Unha vez en Francia atópase con compañeiros da loita cos que decide volver a España para loitar do lado do goberno da República. A victoria dos franquistas píllao en Francia onde comeza unha labor fundamental para conseguir que moitos exiliados crucen o Atlántico cara unha nova vida. Trala súa chegada a Veracruz comeza a nova vida, nun primeiro momento sempre coa idea de que en poucos anos regresaría a Valdeorras mais esa visita dilátouse máis do esperado. Pronto formou familia coa súa querida Celia, unha filla de emigrantes

galegos que coñeceu mentres trataba de venderlle zapatos. Realizou diversos traballos ata que se asentou na empresa farmacéutica Queralt Mir onde traballou ata a súa xubilación. Pero o seu traballo máis importante foi do lado do grupo de emigrantes galegos no país, xunto aos que formou unha rede cultural galega imprescindible para a nosa historia.

OBRA. Os primeiros bocexos de literatura aparecen recompilados nunha vellas carpetas que el mesmo titulou xa na vellez como *Trangalladas de meniño...* Parvadas aquí vemos xa xogos de creación literaria e de rima de elevada calidade para a época na que foron feitos. Despois deste xogos rimados comeza a publicar nos anos trinta poemas soltos nos xornais O



Heraldo Gallego e *A Nosa Terra*. Algún dos poemas que aparecen son as primeiras versión dos que despois comporán *Bebedeira*. Comeza a crearse aquí o mundo máxico da natureza de Valdeorras no seu maxín. Os primeiros poemas que atopamos son: *O Castiñeiro morto*, *Vente, ventíño*

do norte, *Festas*, *Folión de vran*, *Ruada*, *Cantiga da vindima*, *Muiñada...* Tamén nesta época comezan a aparecer os primeiros poemas de corte social e reivindicativos, *Romanzo do cabaleiro* e *Xuntanza*, nos que recorda a chamada de Pondal á redención da "nai" Galicia e arenga aos galegos a emprender unha loita que defenda a terra. Outra rama social e de crítica vai ser a que levará como eixo vertebrador a lingua galega. Nese momento a perda de falantes cara o castelán por prexuízos lingüísticos afectaba nomeadamente ás clases medias-altas, os que aínda tendo un sentimento de filiación coa terra galega non o tiña co idioma por consideralo campesiño e pobre. Isto vémolos por exemplo en *Carta de Guan de la era al Doutor Nuevo Campito* ou *Falan Castelán*. Moitos destes escritos aparecerán tempo despois no *Cancioneiro de Loita* e no *Soño do Guieiro*.

Galicia é infinda!
Nosa Galicia é máis ca toda a Terra.
Non é xa o cativo currunchiño
que dín escolas vellas.
Cómprenos desbotar antigos erros
fillos de mente estreita:
Galicia é infinda!



Alén das Letras Galegas

Os concellos da comarca prepararon diferentes actividades para conmemorar esta data ao longo de todo o mes de maio

Os diferentes concellos e asociacións da comarca veñen de convocar o Certame de Narración e Debuxo Infantil Letras Galegas 2022 na súa fase local. Poderán participar todos os nenos con narracións en galego co tema *O que pasa ao meu arredor*, observando o mundo como se sente un, que pasa no mundo, os pensamentos, etc.

Tamén haberá unha categoría de debuxos, feitos sobre cartolina cun tamaño aproximado de DIN A4, sobre o mesmo tema. Establécense tres categorías: A, ata 8 anos; B de 9 a 11 anos; C de 12 a 16 anos.

O fallo do xurado local farase público na segunda quincena de maio e os traballos premiados nesta fase local participarán na fase provincial do Certame, convocada pola Biblioteca Nodal de Lugo.

O PICATO. A Asociación Cultural O Picato de Trabada organiza alén do Día das Letras Galegas, o 17 de maio, o XVII Premio Literario O Picato que acolle modalidades de debuxo, narración e fotografía.

As dúas primeiras, en narración e debuxo a temática *Galiza infinda* será compartida na honra de Florencio



Delgado Gurriarán, e para a categoría de fotografía, a temática será Fotografía as túas letras. Para participar será necesario entregar os traballos antes das 19.00 horas do 11 de maio no Spar Express de Trabada ou no correo electrónico asociacionculturalo-picato@gmail.com

Haberá premios para o 1º e 2º en cada categoría e subcategoría, e tamén agasallos para todos os participantes. O acto de entrega de premios será na Casa da Cultura de Trabada o propio día das Letras Galegas.

O CASTELO. Desde a Asociación Cultural e Xuvenil O Castelo de Alfoz convocan outro concurso de narrativa e debuxo tamén coas modalidades de narrativa (relatos curtos) e debuxo.

Haberá catro categorías: A ata 5 anos, B de 6 a 8 anos, C de 9 a 11 anos, D de 12 a 16 anos que serán os anos cumpridos no 2021 e haberá premios para o mellor traballo de cada modalidade e categoría. Poderanse remitir dous traballos por modalidade e participante.

O prazo de presentación dos traballos rematará o día 20 de maio de 2022 e os participantes deberán cubrir unha folla de inscrición para cada traballo que presenten e entregar os traballos na biblioteca da Casa da Cultura de Alfoz ou escaneados mediante o correo electrónico asociacion.ocastelo@gmail.com co asunto Concurso Letras Galegas e con todos os datos que se piden na folla de inscrición. Se se escolle esta última opción deberase conservar o traballo físico que será requirido en caso de gañar un premio.

POESÍA. O Concello de Lourenzá convoca un concurso de poesía.

O tema da poesía será A Paz e establécense tres categorías: A de ata 9 anos; B de 10 a 14 anos; e C máis de 14 anos. As obras, escritas en galego, serán presentadas de forma anónima, cos datos persoais do concursante (nome e apelidos, idade, enderezo e teléfono de contacto) introducidos nun sobre, que levará na parte exterior a categoría á que pertence. Só se admitirá unha obra por participante. Establécese un premio para cada categoría, consistente en 50 euros e figura institucional". As obras presentaranse na Biblioteca Municipal antes do venres 20 de maio.

BANDA DE MÚSICA. A Banda Municipal de Música de Ribadeo estreará dúas obras no seu concerto das Letras Galegas. Será o día 14 deste mes, sábado, no auditorio municipal Hernán Naval.

O director da Banda ribadense, explicou que "intentando seguir coa nova normalidade a Banda Municipal de Música de Ribadeo vai continuar a súa actividade cun dos seus concertos habituais na súa programación, que é o das Letras Galegas, que terá lugar o sábado 14 de maio ás 20:30

horas no auditorio Hernán Naval. O repertorio inclúe obras tanto de compositores galegos como de temática galega, aínda que tamén tocaranse outras de diferentes estilos.

BARREIROS. Daniel García, concelleiro de dinamización, presentou as actividades que se levarán a cabo no Concello de Barreiros durante o mes de maio, adicado ás Letras Galegas.

As actividades comezarán o domingo 15 de maio coa actividade A viaxe de Rosalía, organizada pola Deputación. O luns 16, os máis cativos terán un obradoiro con manualidades e contos, e, para rematar o mes das letras, o domingo 29 poderán desfrutar da obra A verdadeira historia de Hamelin no Centro sociocultural.

Versos na baixamar xuntará nesta segunda edición varias voces emerxentes da Mariña como son Natalia Alonso e Paula dos Anjos, xunto con artistas de renome como Yolanda Castaño e Lois Pérez. O artista lucense volverá a coordinar o recital poético musical que celebrará a súa segunda edición o domingo 22 de maio na praza da praia de Arealonga.

Hijos de Ramón Rubal

COMPRAMOS MADERA PINO Y EUCALIPTO

982 55 86 00

ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

www.hijosderamonrubalsl.es
alfoz@hijosderamonrubalsl.es



Rematan o acondicionamento do Bispo Santo para a romaría

Acondicionouse a área recreativa do Bispo Santo antes da tradicional romaxe, que se recupera despois de dous anos de parón.

O Concello procedeu á reforma e mellora dos aseos do templete substituíndo as portas que estaban deterioradas, dispoñendo un novo alumeadado, acondicionando un camiño de acceso en formigón e reparando as escaleiras de baixada, ademais de colocar novos pasos de madeira para a subida á orquestra e pintando o conxunto. Tamén se acondicionou a explanada mellorando a superficie e as pendentes e reparáronse mesas e bancos na zona de merenda. Así, a cita comezará o domingo 8 co

traslado da imaxe de San Gonzalo dende a basílica ao monte da Grela e posteriormente haberá unha charla a cargo do cronista oficial de Foz.

O venres será a verbena a cargo de D'Canó e Tekila, e o sábado 14 a xornada comezará coa misa ás 13.30 horas seguida da sesión vermú co grupo Pasito Show e a romaría coa Banda de gaitas Dambara de Burela. Pola tarde, ás 17.00 horas, será a actuación infantil de Peter Punk e pola noite volverá a verbena con Pasito Show e Garibaldi. O domingo 15 ás 13.30 horas repetirase o oficio relixioso seguido da sesión vermú con Louband e D'Canó. Haberá polbo, xamón cocido e churrasco.

Estrea dun renovado parque no Paseo de Colón e mellora de vías

O Concello procedeu á reapertura do parque infantil de Paseo de Colón, fronte á praia da Rapadoira, tras unha profunda reforma na que se renovou completamente o chan e todos os xogos infantís.

O alcalde, Fran Cajoto, manifesta: "só agardamos que pequechas e pequechos o disfruten. Era moi necesaria unha renovación completa dun dos parques infantís máis utilizados en Foz, fronte á Rapadoira, unha zona privilexiada. Cun orzamento de licitación de máis de 22.300 euros, o parque do Paseo de Colón renovouse completamente: substituíuse o antigo chan de losetas de caucho por un solo continuo acabado en encapsulado, colocáronse novos xogos -estrutura de tobogán e escalada, columpio mixto con asento e portabebés e dúas figuras de muelle- e restaurouse e adaptouse á normativa o valado perimetral".

O concelleiro de Turismo, Chema Linares, destaca que o parque é moi usado por focegos e visitantes porque "permite que as nenas e nenos xoguen mentres os maiores poden



desfrutar das terrazas e da gastronomía local, de gran calidade. Isto é outra forma de apoiar ao noso sector de hostalería".

Ademais o alcalde anuncia que "en poucas semanas comezarán os traballos de construción do novo parque de Uxío Novoneira, unha vez xa se retirou o antigo mobiliario que se atopaba nun estado pésimo".

ESTRADAS. Grazas ao apoio do Parque de Maquinaria de Deputación, o Concello procedeu á mellora do firme en 2,5 quilómetros de vías cun

triple tratamento superficial de rego asfáltico nas parroquias de San Martiño e Vilaronte.

O alcalde explica que en San Martiño actuouse no camiño de Xunqueira, no acceso á área recreativa de Ferrreira Vella e nun vial en Vilacendo, cunha lonxitude total de 1,01 quilómetros. "Son vías moi utilizadas por veciñas e veciños e para os que nos solicitaron o seu arranxo, tamén desde a asociación de veciños. A maioría datan da época da concentración parcelaria e presentaban unha conservación deficiente", destaca.

O PP denuncia que a ruta ao Pico da Lebre está en mal estado

O PP insta a Cajoto a manter as rutas dos miradoiros e denuncia que a que conduce ao Pico da Lebre está en moi mal estado. "O municipio de Foz ten moito que ofrecer a propios e estraños en canto a paisaxes e natureza. O turismo constitúe un dos grandes recursos da economía do concello", di o portavoz popular, Javier Castiñeira, que engade que "a promoción turística do Concello de Foz é importante", e di que é preciso leva a cabo campañas de difu-

sión. Pero teñen que ser iniciativas serias e apoiadas con feitos.

Castiñeira sinala que "a campaña do equipo de goberno da ruta dos miradoiros parécenos moi ben, pero non pode limitarse a unha declaración de intencións ou a poñer un banco e sacar unha foto". Asegura que "ten que ser moito máis e debe incluír o coidado e mantemento dos accesos, a atención ás rutas tanto ás de nova apertura como ás que xa están feitas".

O BNG quiere que o IES local conte cun ciclo dual sobre turismo

O IES atópase no proceso de incrementar a súa oferta formativa. Desta volta a dirección do centro está procurando o respaldo do tecido educativo e institucional da Mariña para solicitar da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a implantación para o vindeiro curso do Ciclo dual sobre turismo.

O BNG de Foz considera imprescindible para o desenvolvemento profesional da mocidade da nosa comarca, ampliar a oferta educativa do

noso instituto nun sector tan importante no mundo laboral e empresarial da pequena e mediana empresa como é o da hostalería. "Trátase dun sector nos que hai unha gran demanda de profesionais e que están directamente relacionados cunha das máis importantes fontes de ingresos da comarca como é o turismo", din dende o BNG.

TRANSPORTE. Por outra banda, considera que é preciso resolver os

problemas que rexistra o transporte público na comarca, e da conexión do concello por carretera, "a insuficiencia dos servizos do transporte público por carretera son palpábeis. O transporte público é un servizo esencial para garantir que as persoas poidan desprazarse no territorio, poidan acudir ao traballo ou ao Hospital da Costa e mesmo á conexión coa capital de provincia e outros destinos do país para estudos superiores ou outros motivos", engade.

MEMBER OF
Dow Jones
Sustainability Indices
In Collaboration with RobecoSAM

Changing
Tomorrow
Now

ya llevamos 14 años
cambiando hoy el mañana

edp

edp.com

in

Cornería e Lousada contan con dous bancos fermosos

O Concello de Foz vén de poñer en valor o miradoiro natural do monte Cornería, punto central dunha das fermosas rutas de sendeirismo coas que conta o concello, e o concelleiro de Turismo, Chema Linares, explica: "colocouse un banco rústico de madeira, feito por un ebanista local, que seguro fará as delicias dos visitantes que queiran achegarse a disfrutar das impresionantes vistas, tomar unha foto e levarse un bonito recordo de Foz. Desde o banco do monte Cornería podemos divisar a ría de Foz e o curso final do Masma, co Mar Cantábrico abrazando a vila de Foz e Vilaronte aos nosos pés".

Fran Cajoto engade: "con esta actuación inauguramos a Ruta dos Miradoiros: ao da Cornería hai que sumar o Miradoiro da Frouseira, así como o xa anunciado no Pico do Castro en Foz -onde están situadas as letras- e que se construíra dentro das obras de urbanización. Haberá máis sorpresas, que iremos descubriendo. En Foz hai paisaxes maravillosas que queremos poñer en valor".



Vista dende o novo banco no miradoiro de Lousada

LOUSADA. O Concello de Foz colocou un banco de madeira en Lousada, na parroquia de Fazouro, que é outro lugar destacado na Ruta dos Miradoiros.

O alcalde, Fran Cajoto, anuncia que "Foz continúa a sumar vistas espectaculares á Ruta dos Miradoiros que recentemente se puxo en marcha. A semana pasada anunciábase o banco de Cornería e agora o de Lousada, no que nun día despexado podemos divisar ata Tapia de Ca-

sariego, en Asturias, non lle queda atrás. Situado no barrio de Lousada, en Fazouro, e preto da Capela da Concepción, destaca porque ofrece unha imaxe moi limpa de toda a zona leste do Golfo do Masma, coa praia da Pampillosa en primeiro termo. Trátase dunha atalaia privilexiada, ao estar a menos de 700 metros da costa pero a máis de 85 metros de altitude. Seguimos a traballar para poñer en valor o impresionante patrimonio natural que temos".

Xa hai data para a Festa Normanda de Foz 2022



A organización da Festa Normanda de Foz informou das datas de celebración para a festa deste ano 2022 e que coincidirán coa última fin de semana de agosto, é dicir, 26, 27 e 28 de agosto. O ano pasado presentaron o seu novo logotipo.

A Festa Normanda é unha das festas máis recentes que se celebran en Foz e que rememora a invasión errada dos viquingos sobre o pobo lucense.

De momento no hai confirmación do programa pero previsiblemente haberá un mercado medieval, unha obra teatral que teatraliza o desembarco e o afundimento dos barcos vikingos ademais de actividades, xogos e teatro para os máis pequenos. Tamén podería recrearse como en anos anteriores na praia focebrán en Foz e que rememora a invasión errada dos viquingos sobre o pobo lucense e o combate entre a poboación e os invasores normandos.

Nova edición da Primavera cultural

A Delegación de Cultura do Concello de Foz prepara unha nova edición da súa primavera cultural e programa seis actividades para este mes de maio.

O venres 6 de maio na casa da cultura ás 20.00 horas contarán con teatro infantil na casa da cultura, *A verdadeira historia de Hamelín*, a cargo de Moc Moc. Un espectáculo dirixido a nenos de 3 a 12 anos con entrada de balde. O xoves 19 de maio e tamén na

casa da cultura ás 20.00 horas será a quenda do obradoiro creativo de animación á lectura *O Conto estrelado*, a cargo de Michel Casado e Raúl Marín. Será de balde e para nenos de 3 a 6 anos.

SÁBADO. Xa o sábado 21 haberá pasarrúas pola vila a partir das 12.00 horas a cargo de O Feitizo, a Banda de Música de Foz e ACM Dambara, e pola tarde ás 19.00 hoas no Campo da Cabana volve-

rán actuar os mesmo grupos. Así mesmo, ás 18.30 horas na casa da cultura ás 18.30 horas será a quenda do cine coa longametraxe finalista dos Mestre Mateo.

Xa por último, o xoves 26 ás 20.00 horas na casa da cultura, volverá o teatro infantil da man de Raquel Galavís, Álvaro Sanza e Toni Arbones, que relatarán *O Principiño en Madagascar*. Será unha sesión de balde para nenos de 5 a 12 anos.



COLEXIO PILAR. A Delegación de Servizos Sociais do Concello de Foz vén de recibir uns lotes de alimentos, produtos de limpeza e hixiene recollidos polo colexio O Pilar coa iniciativa denominada Chaveiros Solidarios. Foi unha iniciativa solidaria, levada a cabo polo alumnado de 3º de Primaria do colexio do Pilar co lema Un chaveiro por alimentos, chaveiros que as nenas e nenos elaboraron coas súas propias mans.



EN BREVE

FOTOGRAFÍA. O sábado 21 e o 28 de maio terá lugar un curso de fotografía dixital dirixido a aprender técnicas de toma de imaxes na natureza para saber captar a paisaxe, utilizando a composición, a luz, o enfoque e os filtros. A sesión terá lugar de 16.30 a 20.00 horas e a formación estará ao cargo de Os Negativos.

ESCOLA INFANTIL. O prazo de preinscrición na Escola Infantil Municipal para o vindeiro curso 2022-2023 estará aberto ata o 13 de maio. As persoas interesadas no servizo poden recoller as solicitudes de preinscrición na Escola Infantil Municipal, no Centro de Servizos Sociais ou na propia web do Concello de Viveiro.

EXPOSICIÓN. A mostra *Galiza. Un pobo, unha selección*, organizada por Vía Galega coa colaboración da Deputación de Lugo, continúa a súa itinerancia polas comarcas en Viveiro, onde poderá verse ata o 16 de maio nos Xardíns Poeta Noriega Varela. A exposición repasa a historia do deporte galego, afondando na participación de deportistas do país nos Xogos Olímpicos, na traxectoria das seleccións galegas e na mobilización social arredor do dereito de Galiza a participar con equipos propios en competicións internacionais. Destaca así logros como a participación olímpica do viveirense Adrián Ben en Toquio 2020.

BEIRARRÚAS. O PP reclama ao Goberno de Viveiro que adopte as medidas adecuadas para mellorar calzadas e beirarrúas en O Pedregal e o Parque da Ínsua. "O PSOE fai do concepto de igualdade, con hipocrísia digna de mellor causa, unha das bandeiras ás que se agarra no exercicio do populismo político que é propio do sanchismo", din os populares viveirenses. Os populares lembran que no Pleno de xullo do ano pasado presentaron un rogo no que denunciaban o mal estado das estradas na zona de A Pallaregas e a falta de sinalización.



Veciños de Magazos, molestos polo estado das estradas

Veciños de Magazos puxéronse en contacto co BNG para expresar o seu malestar de como se atopan as estradas que van cara as súas vivendas. Así é que en Magazos, no tramo de estrada que vai desde o camiño da Cruz en Rúa Nova a camiño de Vilamarcol de Arriba, "fai anos que non se repón o seu firme e así o demostra o seu estado onde se pode ver a masa asfáltica levantada en gran parte da súa superficie coa herba medrando na mesma", dixo a concelleira

Miriam Bermúdez. Ademais do mal estado do asfalto, "podemos observar a vexetación que asolaga esta estrada por ambas marxes, o que demostra que tampouco leva un mantemento regular desta estrada".

Remarca como "moi positivo para Viveiro contar cunha planificación para que o mantemento das estradas do concello funcionase debidamente, pois actualmente só funciona baixo denuncia pública e a veciñanza o fai visible".

O Plan de saúde mental financia vinte prazas no novo centro

O director xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, Jorge Aboal Viñas, e o delegado territorial da Xunta na provincia de Lugo, Javier Arias Fouz, visitaron o novo centro de rehabilitación psicosocial e laboral para persoas con trastorno mental grave da Asociación de Axuda ao Enfermo Mental 'A Mariña', en Viveiro, no que a Xunta de Galicia concerta 20 prazas. O centro, que se puxo en marcha o pasado 1 de abril, conta cun taller ocupacional, dúas aulas polivalentes e unha de terapia grupal. Nel prestarase unha asis-

tencia continuada ás persoas con enfermidade mental persistente, co fin de axudarlles a ter a mellor integración social posible; así como ás súas familias. Unha labor, tal e como remarcou Jorge Aboal, fundamental para o proceso de recuperación destes pacientes.

Na xuntanza, tamén estiveron presentes o xerente da área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, Ramón Ares; a xefa do servizo de saúde mental do Sergas, María Tajés; e o presidente da asociación A Mariña, Jorge Manchado Rivero.

Rematadas as obras do paseo marítimo



O Concello de Viveiro finalizou as obras de arranxo do Paseo Marítimo de Viveiro, que foi posible levar a cabo grazas ao convenio de cooperación asinado en 2021 coa Deputación de Lugo.

A fachada marítima do Concello de Viveiro, entre a ponte da Misericordia e o edificio do Conservatorio, sufriu ao longo dos anos numerosas intervencións, entre as que se inclúe o muro de sostemento principal de todo o paseo e o recheo posterior, que foi realizado hai aproximadamente 90 anos.

Cun importe segundo proxecto de 115.611 euros, procedeuse á re-

paración de 90 metros da fachada marítima, incluíndo a consolidación do terreo, a execución da lousa e o reforzo da balastrada, cunha achega da Deputación de 100.000 euros.

O proxecto contemplou a reposición do tramo existente que estaba deteriorado, executando primeiro un baleirado e saneamento para proceder a reencher con materiais acordes e resistentes. Para o deseño da solución proposta tívose en conta a protección e a reposición do paseo existentes, é dicir, os condicionantes de deseño actuais en canto a dimensións e acabado.

O comercio opta por descontos durante febreiro e novembro


O equipo de Goberno de Viveiro, a través da súa concellería de Turismo, impulsa coa colaboración da Asociación de Comerciantes do Casco Histórico unha iniciativa de descontos e promocións durante os meses de febreiro e novembro.


"Falamos primeiro coa Asociación de Comerciantes do Casco Histórico e pareceulle unha boa idea, polo que convocouse unha reunión con todos os establecementos hoteleros para explicarlles en que consiste", afirma Marisol Rey, concelleira de Turismo.

A proposta é para os meses de febreiro e novembro, que son os máis baixos de turismo e actividade comercial, realizando descontos á xente que se hospede, compre ou consuma nos establecementos que queiran colaborar. En palabras da alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, "trátase de desestacionalizar o turismo e as compras nos meses de menor ocupación e gasto, con paquetes de fin de semana e outras actividades que potencien os nosos atractivos, o Camiño do Mar e a nosa gastronomía".

VEN A REPOSTAR
A  **Ortegal Oil**

ESTACIONES DE SERVICIO ABIERTAS 24H Y 100% SEGURAS
OFRECIENDO SIEMPRE LO MEJOR PARA NUESTROS CLIENTES

 www.ortegaloi.es

 [Ortegaloil](https://www.facebook.com/Ortegaloil)

 881 93 18 56

Escanea y visita
nuestras estaciones



Loureiro pide abrir o albergue de Area durante todo o ano

A alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, e o tenente de alcalde, Jesús Fernández, visitaron con Fabiola García, conselleira de Política Social, as obras de remodelación do Albergue de Area. “Quero agradecer a invitación da conselleira para visitar como quedaron as instalacións tras as obras levadas a cabo pola Xunta de Galicia”, asegura a alcaldesa.

O Albergue de Area foi obxecto dunha reforma integral, cunha actuación na que se incluíron melloras na fachada, cuberta e interior do inmoible. “Concello e Xunta coincidimos na necesidade de darlle uso a estas instalacións ao longo de todo o ano; a conselleira manifestou que realizarán actividades fóra da tempada estival e amosou a súa disposición a facilitar tamén o uso do albergue por parte do concello no caso de necesitalo”, engadiu Loureiro.

En marcha, o servizo para o control da gaivota patiamarela

O Concello pon en marcha, un ano máis, o servizo gratuito para o control da poboación urbana da gaivota patiamarela e a pomba común para a campaña de nidificación deste ano. O obxectivo xeral é realizar unha correcta xestión da poboación destas aves para previr e evitar o crecemento desmesurado da mesma, provocando posibles pragas e problemas de salubridade pública, á vez que se asegura o benestar desta especie. Comézase coa retirada de niños de gaivota, finalizando o control dos tellados con problemas no mes de agosto, realizando un mínimo de dúas visitas a cada tellado afectado, para impedir o nacemento das postas.

A Deputación investirá este ano no Resurrection Fest 150.000 euros

A Deputación de Lugo colabora, un ano máis, coa celebración do Resurrection Fest de Viveiro. Este evento musical, que se celebrará entre o 29 de xuño e o 3 de xullo, contará cunha achega de 150.000€ do organismo provincial, tres veces máis que o pasado ano.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto recordou que “dende a Deputación de Lugo apostamos claramente dende o principio por este festival, ofrecendo un apoio que foi clave para que o Resu se consolidase como o que é hoxe: unha cita de referencia a nivel nacional e internacional, que atrae a milleiros de

persoas e que produce un retorno económico de primeira orde para Viveiro e para toda A Mariña”. Dende a institución, remarcou, “esperamos que o Resurrection Fest regrese con toda a forza, e que recupere e mesmo que aumente o retorno económico xa enorme que tiña na Mariña antes da pandemia”.

Este ano o Resurrection Fest contará con bandas como Judas Priest, Deftones, Sabaton, Opeth, Heaven Shall Burn ou Sepultura e actuacións exclusivas en España de agrupacións como Avenged Sevenfold, KoRn, Bring Me The Horizon, Rise Against ou Bullet For My Valentine.

PARTIDO POPULAR. O PP pregunta a Loureiro quen se encargará de reparar e de pagar os desperfectos do campo de Cembedo despois do Viveiro Fest. “Un dos resultados da recente edición, celebrada o pasado día 8, foi o enfado de moitos hostaleiros de Viveiro e de Covas e desperfectos no campo de fútbol de Cembedo, no que se desenvolveu o festival”, din os concelleiros populares que preguntan formalmente ao goberno local se o festival tivo algún custo económico para o Concello e quen se fará cargo, e canto custará, da reparación das deficiencias que presenta o citado campo de fútbol.

A anterior comisión do San Xoán de Covas retoma o seu labor

As Festas de San Xoán de Covas no Concello de Viveiro xa se atopan en marcha trala decisión da anterior comisión organizadora de retomar o seu labor. Así, Patri, Julio, Paula, Chus e Bernardo retomaron de novo as súas tarefas xa que dende o 2013 ao 2016 xa foron os organizadores, “imos comezar a pedir colaboración veciñal así como á axuda do Concello, que se comprometeu”, di Paula Piñón, membro da comisión.

Estes cinco rapaces deixaron a comisión no 2016 “porque era moito traballo e tiñamos nenos pequenos”, e este ano tralo comunicado da anterior comisión de non organizar as festas e sobre todo de que os fillos e veciños pedíranlles as seus pais que “non os deixáramos sen festas, que xa van dous anos”, decidiron volver



coller as rendas. “Da moito traballo e cada un ten os seus respectivos traballos”, di Paula, e “non sabemos como vai reaccionar á xente pois é necesaria moita colaboración e vimos dunha pandemia e unha crise coa suba dos prezos en alimentos e gasóleo”

Tamén adiantou que haberá sardi-

ñada, dúas orquestra e alumeirada, pero aínda están concretando todas as tarefas e as actividades.

“Esperamos que haxa dúas orquestras e alumeirada, pero aínda estamos concretando”, engadiu Piñón, así, Covas volverá ter a súa tradicional fogueira de San Xoán con máis forza e ganas que nunca.



O III Rally de Clásicos será o 21 de maio

O Club Clásicos Viveiro informou da nova edición do Rally Club Clásicos Viveiro aprazado en 2020 e que se celebrará o 21 de maio de 2022.

Este ano o rally chega a súa terceira edición e dende a organización dixeron que “queremos facer mención ao noso amigo e socio Marcos que a vida nolo arrebatou moi rápido sen poder darlle unha despedida como se merecía”, así comunicaron que esta proba deportiva levará o nome III Rally Club Clásicos Viveiro Memorial Marquitos.

Un rally con moitas novidades co mesmo plantexamento que as dúas edicións anteriores. Dúas seccións de mañá e tarde, con comida e cea incluída, premios, 9 tramos de regularidade en 260km aproximadamente entre os concellos de Viveiro, O Vicedo, Xove, Ourel, onde se puntuará para o Campionato Talleres KMO, “aos que estamos eternamente agradecidos por todo o apoio que nos brindan sempre e uns dos culpables de que este club continúen crescendo e realizando cada ano mais eventos, lembramos que o campionato consta de tres rallies sen posibilidade de descartar ningún para optar aos seus premios, os mesmos son o I Rally Concello de Ourel xa disputado o pasado 2 de Abril, o III Rally Club Clásicos Viveiro Memorial Marquitos e o I Rally Concello do Vicedo”.

Xa están abertas as inscricións para a participación.

RIBADEO
 Rúa San Francisco, 2-4 Bajo 6
 Tel.: 636 761 883
BARREIROS
 Pol. Ind. Cruz do Lobo
 Nave 10
 Tels.: 982 585 709
 652 110 377
BURELA
 C/ Curros Enríquez, 12
 Tel.: 660 402 954

NUEVO MOBILIARIO PARA TERRAZA Y JARDÍN

Costafreda Angeles expón na sala de arte da casa da cultura



A pintora madrileña, Costafreda Angeles, asentada desde o inicio da pandemia na parroquia viveirense de Galdo, exporá na sala de arte da casa da cultura de Burela as súas obras realizadas.

A súa obra está caracterizada e realizada coa técnica xaponesa sumi-e nunha mostra chamada Pinceladas de Primavera que foi inaugurada o venres 6 de maio.

Esta mostra estará aberta ata o próximo 3 de xuño en horario de luns a venres de 11.00 a 13.00 e de 18.00 a 20.00 horas.

Volve o Certame Internacional de Pintura Mural Amarte

O Certame Internacional de Pintura Mural Amarte terá lugar no Porto de Burela do 4 ao 7 de agosto de 2022 na que é a súa sexta edición. As bases para anotarse no concurso van estar dispoñibles na páxina de facebook do certame, que é Certame Internacional de Pintura Mural Amarte, así como na web municipal.

Pódense enviar as propostas ata o 15 de xullo a amarteburela@gmail.com e logo o xurado elixirá as nove obras que serán pintadas no muro do peirao. Os premios suben respecto ao ano pasado sendo 1.600 euros para o primeiro clasificado, 800 para o segundo, 500 para o terceiro e para os artistas non premiados 180 euros. Os murais terán como temática o mundo do mar e cada concursante poderá presentar un máximo de dúas propostas.

Non poderan presentarse os gañadores de a edición anterior e



ofertaranse 9 murais coas seguintes dimensións: 5.90 m. x 2.10 m que deben ser completados nun máximo de 4 días.

O concelleiro de Cultura, José Díaz, lembrou que "levamos cinco edicións e Amarte é cada vez máis coñecido, non só a nivel de Galicia senón de España, o último

gañador foi o campión nacional da liga de Grafitis", e anima "a todos os artistas tanto da Mariña, para quen se reserva dous murais, como a todos os que fagan pintura, a que participen este ano conosco".

Tirso Paz coa súa obra Meiga do mar, Anna Repullo con Marineros e Martín Cal con A nosa Burela foron os gañadores do certame 2021 cuxos deseños súmanse aos dos seus compañeiros de edición para converter o porto burelés nun museo ao aire libre.

Diego Anido e Guillermo Paz coa obra Mar revoltado foron os gañadores do 4º Certame, Hipólito Xeada, de Alfoz, conseguiu o segundo premio por A mirada do mar e o terceiro premio foi para Martín Cal, de Ortigueira, coa obra O gardián do mar. O premio para o mellor artista local foi para Héctor Manasé, de Burela, con Arraiga.

A Festa Castrexa coincidirá co San Xóan

A asociación Burela Castrexa informou de que este ano celebrarase a Festa Castrexa, a última fin de semana de xuño, é dicir, os días 24, 25 e 26. Así, a noite do 23 de xuño dará comezo a festa temática burelesa cunha noite de lume na que haberá sardiñas e churrasco, pois celebrase tamén a fogueira de San Xóan fronte á praza do Concello.

As racións de churrasco serán a 10 euros ou a 8 si se merca o ticket de maneira anticipada, e as sardiñas a 8 ou a 6 euros anticipadas. Os tickets estarán á venda na óptica Alain Affleou e en Gráficas Arfe e pola noite haberá música a cargo dun DJ.

A festa castrexa propiamente dará comezo a noite do día 24 cunha representación teatral de temática castrexa e queimada, o sábado 25 haberá xogos castrexos na praia, sesión vermú con orquestra, Búsqueda do Torques e pola noite haberá verbena. Está previsto que haxa xantar nunhas carpas instaladas na praza do Concello e os restaurantes da vila contarán con menús castrexos para levar e consumir na propia praza.

O persoal do Concello recibiu formación sobre desfibriladores

Os traballadores e traballadoras municipais veñen de recibir unha formación de refresco sobre o uso dos desfibriladores instalados en diversas dependencias municipais. Persoal da policía municipal, servizos xerais e encargados das instalacións culturais e deportivas, asistiron a esta formación impartida por Camilo Vázquez e Aurora Vizoso, instrutores da Sociedade Española de Medicina de Urgencias e Emerxencias, co obxectivo de actualizar os coñecementos sobre o uso dos DEA.

O Concello de Burela dispón destes aparellos en distintas ubicacións, como a propia Casa do Concello, Casa da Cultura, Pavillón Municipal Vistalegre, praias e no Campo de Fútbol da Marosa.

O desfibrilador externo automático (DEA) é un dispositivo electrónico que pode examinar o ritmo cardíaco para determinar se é preciso proporcionar unha descarga a unha persoa, tanto adulto como neno, en paro cardíaco, de forma que se restableza o seu ritmo normal.

A formación de 4 horas permitiu facer un repaso sobre determinadas situacións que se poden presentar e o modus operandi máis dilixente e recomendado.

Instalado o contedor xigante da Campaña Recicla e Únete ao Reto en Burela



Xa está instalado o contedor xigante da Campaña Recicla e Únete ao Reto na que participa xunto con outros doce concellos galegos para conseguir incrementar a reciclaxe dos envases lixeiros nun 10% ata o 31 de maio. O pobo que consiga chegar ao obxectivo opta a un premio de 2.000 euros para facer unha doazón social. A concelleira de Medio Ambiente, Toñi Eijo, fixo un chamamento á veciñanza "para que participen e se impliquen con esta iniciativa botando neste contedor todos os seus envases lixeiros, como latas, bricks ou recipientes de plástico". A edil explicou que "desde

o concello non dubidamos en sumarnos ao reto de Ecoembes e da Consellería de Medio ambiente, un proxecto que levamos desenvolvendo desde o pasado mes de marzo e que agardamos que teña boa acollida por parte dos veciños".

A través da colaboración cidadá "podemos conseguir incrementar nun 10% a reciclaxe destes residuos con respecto aos recollidos no mesmo período do ano pasado e conseguir o premio de 2.000 euros", subliñou a edil, incidindo en que "estes cartos serían destinados a algunha causa social de Burela".

Os 42 hortos urbanos bureleses xa teñen dono



O Concello de Burela entregou mediante un sorteo as 42 parcelas dos hortos urbanos situados na avenida Arcadio Pardiñas. A sesión de plenos do consistorio acolleu esta distribución entre os solicitantes despois dunha formación sobre técnicas de cultivo impartida polo técnico agrícola Julio Franco, do equipo de agroecoloxía xestora das hortas da Deputación de Lugo.

O alcalde, Alfredo Llano, recibiu aos asistentes proxectando as imaxes do solar e dando indicacións sobre "o inicio deste proxecto que pretende espertar a necesidade de volver a cultivar as hortas propias e de recuperar a actividade agroalimentaria". O técnico agrícola Julio Franco, encargado de dar unhas pautas xerais previas ao sorteo das parcelas, instruíu aos asistentes con indicacións

sobre os cultivos, dando a información necesaria para saber como se cultiva desde a perspectiva da agricultura ecolóxica. "Unha das cousas máis importantes é conseguir a satisfacción persoal e atopar nesta actividade unha motivación que nos permita tamén estar en contacto coa natureza, polo que debe ser algo voluntario e de entretemento", explicou, engadindo que "a constancia e o orden son dúas cuestións fundamentais para afrontar esta iniciativa, unha oportunidade para xerar comunidade dun xeito saudable ao tempo que producimos vexetais con certas garantías de consumo". Franco explicou os ciclos de produción das sementes, que varían segundo a climatoloxía ou a humidade da terra para xerminar nas condicións óptimas.

As festas patronais presentan un amplo programa festivo

A comisión organizadora das festas patronais de Burela publicou o programa para este ano que se desenvolverá desde o venres 27 de maio ata o 7 de xuño. Así, as festas darán comezo o venres coa baixada da Vila do Medio no que se levará á Virxe do Carme en procesión ata a igrexa parroquial para a misa ás 21.00 horas. O sábado 28 de maio ás 20.00 horas a xornada comezará co pregón que este ano corre a cargo da caboverdiana, Antonina Semedo, e será na casa da cultura. Por outra banda o domingo 29 ás 13.30 horas os Acordeonistas da Marinha actuarán na rúa do Hórreo.

Na xornada do martes 31 poderase desfrutar na casa da cultura ás 20.00 horas do documental de Paco Salgueiro, Burela: referentes do leces no século XX. E o mércores 1 de xuño será o gran karaoke infantil e xuvenil ás 20.30 horas, e o xoves o karaoke para adultos ás 21.00 horas.

Xa chegando á fin de semana e véspera dos días grandes, o venres 3 de xuño haberá comezará as actua-



cións musicais a cargo das orquestras Saúde e América.

O sábado 4 de xuño, e Día da Baixada ao Porto, a xornada comezará ás 11.00 horas con pasarrúas seguido de sesión vermú e ademais ao longo do día estarase confeccionando a alfombra floral desde a igrexa parroquial ata o Porto. Xa pola noite, ás 20.00 horas, a agrupación musical Santo Inocencio de Burela e a Banda de Música de Foz actuarán na praza do Concello, e acto seguido será a misa na igrexa parroquial xunto coa procesión da baixada ao porto que contará con espectáculo de artificios de pólvora. Para pechar o día, as orquestras La Dimensión e Salvaje po-

rán a nota musical.

O Día da procesión Marítima, o domingo 5, volverán os pasarrúas e a sesión vermú, e a misa nesta ocasión será ás 12.00 horas xunto coa procesión. Chegada a noite, Ritmo Joven e Combo Dominicano amenizarán a festa.

Ás 12.00 horas do luns 6 comezará a procesión desde o Porto ata a igrexa parroquial con misa cantada, seguida de sesión vermú e a verbena da noite con Solara e Panorama que pechará así o tocante ao panorama musical das festas.

Por último, o derradeiro día de festa, será a cerimonia da ofrenda floral á virxe do Carme no Porto de Burela.

Comeza a rehabilitación do muro da antiga conserveira co Burela-IN



Xa está en marcha a obra de rehabilitación do muro da antiga conserveira, na rúa do Berbés, cedido para o Concello pola Confraría de pescadores co fin de realizar o proxecto Burela-IN, subvencionado polo Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro (GALP).

A concelleira de Mar, Carmela López, explicou que "a obra consiste en acondicionar esta parede para facer un mural co proxecto gañador no concurso artístico Burela-IN da man dos artistas locais Martín Lestao e Belén Mogo, aos que lles agradece-

mos non só a súa proposta, senón o seu grao de implicación e compromiso coa iniciativa".

Ambos artistas xa se atopan traballando no taller para confeccionar algunhas partes do mural, que reflicte o carácter mariñeiro, no que se empregarán materiais en desuso como redes e gres. Para iso, ao abeiro da parte artística do proxecto Burela-IN, visitaron en semanas pasadas a antiga fábrica de gres, onde seleccionaron restos de material, así como a nave de redeiras, onde puideron inspirarse en canto ás artes de pesca.

Vanse renovar os elementos de xogo do parque da Marosa

O Concello de Burela vén de anunciar que fará melloras no parque infantil da Marosa, rehabilitando este espazo de xogo que conta cunha grande afluencia de bureleses e mariñenses, ubicado na zona deportiva de A Marosa con dous campos de fútbol, unha pista de tenis, outra de pádel e unha praia de bandeira azul. A renovación do parque infantil incluírá elementos con motivos pesqueiros e outros adaptados á realidade social da infancia, coa montaxe dun dindán para nenas e nenos con mobilidade reducida.

O alcalde, Alfredo Llano, informou da obra coa "satisfacción de poder levar a cabo unha renovación integral desta zona tan concorrida por familias da localidade e mesmo da comarca, un entorno deportivo que merece a posta a punto deste lugar de divertimento e lecer para os máis pequenos, entendendo todas as súas necesidades e apostando por crear



espazos inclusivos".

O proxecto, cun orzamento de execución de 49.979,40 euros, que será sufragado con fondos do Plan Único da Deputación Provincial, licítouse en base ao que o tenente de alcalde, Ramiro Fernández, denominou "pregos sociais", pois algúns dos requisitos de contratación sinalaban "á existencia dun Plan de Igualdade na empresa, á contratación de per-

soas en situación de desemprego, número de contratos indefinidos, así como á porcentaxe de mulleres na empresa, outorgando moito valor ás condicións laborais e á perspectiva social e igualitaria dos concorrentes", sinalou o edil, amosando un claro compromiso e aposta do equipo de goberno "por transversalizar a xustiza social en todas as políticas que impulsamos".



CURSO 2022/2023
Foz y Lourenzá
Reservar tu plaza para el nuevo curso
...where English is fun!



SCAN ME

Reserva ahora!
982 103 377
605 738 247
www.docklandsacademy.es



Marfer

INFORMATICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA



Distribuidor Autorizado







EXIT ERP
SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE

SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL

red.es KIT DIGITAL

C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

Arredor de 30 locais hostaleiros participarán no XV Ribadeo de Tapeo

Do 14 ao 22 de maio terá lugar o XV Ribadeo de Tapeo no que participan máis de 30 locais hostaleiros ribadenses. Ribadeo retoma, despois desta época complexa derivada da crise sanitaria do covid, o famoso concurso gastronómico Ribadeo de Tapeo, que chega á súa décimo quinta edición e na que o prezo das tapas serán de 2 euros.

Como novidade esta edición contará cunha fase previa e as semanas anteriores á celebración do evento gastronómico un cociñeiro especializado na materia, degustará as tapas presentadas ao concurso. Esta fase terá simplemente un carácter de intercambio de impresións da elaboración e presentación das propostas desta cociña en miniatura.

A estes premios concorrerán todos



os establecementos inscritos no concurso. A organización pode realizar dúas quendas de selección. Unha primeira onde se escollerán os establecementos finalistas e outra quenda onde se escollerán os premiados.

Ribadeo, o Renacer do Cantil deu comezo o 7

O pasado 7 de maio arrincou O Renacer do Cantil, un programa de actividades que se desenvolverá durante as fins de semanas dos meses de maio e xuño e no que a natureza será a protagonista. O obxectivo da Concellaría de Turismo é a desestacionalización e ofrecer novas propostas aos visitantes, que poderán beneficiarse dos seus efectos positivos.

O 15 de maio haberá Tai Chi no Cantil no Cargadoiro de 11 a 13:30 horas. Héctor Peña introducirá aos asistentes no universo desta arte marcial que propicia a calma e o equilibrio interior a través dunha charla inicial, que dará paso á práctica das Oito Xoias e rematará cunha demostración das formas de Tai Chi.

O 22 de maio terá lugar A vida no cantil cos cinco sentidos. Xurxo Mouríño, biólogo profesional da Bioloxía da Conservación da Natureza propón a partires das 11 da mañá un paseo de campo para coñecer aos seus habitantes a través dos sentidos: as herbas e as flores, os paxaros, os insectos e anfíbios. Será en Piñeira.

E o 28 de maio desenvolverase a Xeoruta dos Pregues, a cargo de Fran Canosa. Os participantes visitarán unha das maiores estruturas xeolóxicas da Mariña lucense, o gran pregue que se estende desde



a ría de Foz ata a ría de Ribadeo e que se xerou hai máis de 350 millóns de anos. O percorrido dará comezo ás 11 da mañá en Piñeira. Para xuño están programados Baños de cores, Artesanía de namorar, Arte no Cantil e mapas sonoros (taller para nenxs) e tamén espectáculos ao aire libre a cargo de Os Quinquilláns Teatro.

RIBADEO INDIANO. Foi presentado o cartel do VII Ribadeo Indiano, que terá lugar do 8 ao 10 de xullo. A edil de Cultura, Pilar Otero, explicou que “esta VII edición, dedicada á muller, que terá os seus días fortes durante a fin de semana do 8 ao 10 de xullo, vén cargada de propostas diferentes para facer que o Ribadeo Indiano reluza con máis esplendor”.

Veciños da Torre levan á Valedora unha obra pendente fai 37 anos

Un grupo de veciños do barrio de A Torre, en Vilaselán en Ribadeo, levaron á Valedora do pobo a súa queixa sobre a ampliación e mellora do camiño que leva as súas casas, unha obra que está pendente dende fai 37 anos.

Xa en abril fixeron público o seu enfado tras tantos anos de espera na mellora dun tramo do camiño de 290 metros e o cal se atopa coa mesma anchura que hai máis de 50 anos, cando só circulaban por el os carros do país.

Na súa queixa céntranse na xestión do alcalde ribadense, Fernando Suárez Barcia, que tras diferentes reunións expuso dividir as obras en dúas fases, a primeira sería o amañado do tramo onde hai máis terreos cedidos polos veciños, pero que un veciño dinalmente opúxose a devandita mellora de ensanche da vía. O que veñen reclamando desde hai 36 anos é un acceso digno, “non estamos a esixir unha avenida como Rosalía de Castro, soamente estamos a reclamar unha vía que nos

permita a circulación tanto de persoas como de vehículos”.

“É tal o seu estreitamento que dificulta, e nalgúns casos impide, o paso os viandantes cando se atopan con algún vehículo, poñendo nunha situación de risco para a integridade física ás persoas maiores e tamén a todas aquelas con mobilidade reducida”, din os veciños. Segundo o grupo de veciños de A Torre o alcalde comunicoulles que desistía no seu empeño o que agraba máis o seu enfado.

Miñones visita o CEIP Gregorio Sanz para supervisar as obras

O delegado do Goberno en Galicia, José Miñones, visitou Ribadeo e achegouse ao Ceip Gregorio Sanz a supervisar as obras de rehabilitación do inmoble e pasou tamén polo obradoiro de emprego Ribadeo prepara o teu Camiño, que se está a desenvolver na localidade.

O rexedor subliñou que “con este exemplo oxalá poidamos seguir facendo moitas máis cousas por Ribadeo. E ademais vexo que moitos dos asuntos que estamos tratando nestes días é coa coordinación xa non só co Concello de Ribadeo senón dos concellos da comarca co Estado, como para a senda verde do tren mineiro, e tamén dos concellos coa Xunta, para sacar dunha vez esa tubaxe de auga que tanto nos preocupa e que nos afecta a dous concellos e que é necesaria a aposta decisiva,



sen dúbida, da Xunta para podela sacar de aí e que precisamente o Estado poida converter esa vía verde nunha das máis bonitas e importantes a nivel estatal, que poida traer turismo dunha maneira desestacionalizada ao longo de todo o ano”.

E engadiu que “con estes exemplos

educativos e formativos, como vamos ver agora nun obradoiro dual, ao que tamén lle aporta diñeiro o Goberno do Estado á comunidade autónoma para que nos axude aos concellos, con estas iniciativas dá gusto gobernar e intentar ser eficaz e eficiente”.

Por Nuestro Faro reclama que se cumpra coa sentenza na illa Pancha

Ante a noticia da nova sentenza sobre o acceso á Illa Pancha a Asociación Por Nuestro Faro comunicou o seu malestar pola sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de desestimar o recurso da empresa concesionaria dos apartamentos da Illa Pancha contra a sentenza do Xuzgado nº2 do Contencioso Administrativo de Lugo favorable ao Concello de Ribadeo que esixía a apertura ao público da porta de acceso.

“Dito así semella que a illa estará aberta aos veciños nos próximos

días, pero de iso non hai indicios”, din desde o colectivo. “Para que se entenda a situación, debemos lembrar que o Concello concedeu a licenza de actividade dos apartamentos o día un de decembro de 2017, coa condición de que a porta estivese aberta ao público”, engaden.

Sen embargo, pese as reiteradas denuncias do grupo de que a porta seguía pechada, “o alcalde negouse a aplicar a lei, suspender a licenza e pechar os apartamentos por incumprimento das mínimas condicións de

seguridade do establecemento hostaleiro. E aquí chegamos a un punto decisivo que tanto o Concello como os tribunais de xustiza eluden sistematicamente pese ás denuncias do noso grupo: o peche sistemático da porta da Illa Pancha non só incumpre as esixencias da Lei de Costas sobre o dereito de acceso da veciñanza á zona, senón o que é moito mais grave, a barreira que supón a porta a ambulancias, equipos de extincións de incendios e outros servizos de este tipo”, din.

“Mantivemos o facho aceso da cultura en Ribadeo estes 50 anos”

Xosé Farruco Graña Rama é o presidente da Asociación Francisco Lanza

Que é AC Francisco Lanza?

Somos un colectivo ribadense que ao longo de moitos anos sacaron adiante un feixe de actividades que deron vida á vila e parroquias. E para coordinar as inqedanzas de todas esas persoas, houbo distintas directivas das que formaron parte moitas persoas vinculadas de sempre coa actividade social e cultural ribadense.

E quen forma a directiva?

Actualmente conformamos esa directiva Xosé Farruco Graña Rama (presidente), Antonio Deaño Gamallo (vicepresidente), Enrique Campos Dorado (secretario), Neves Paz Vilar (tesoureira), e como vogais: Dores Fernández Abel, María Luisa Mon Bellón, María Victoria López Louro, Andrea Martínez Fernández e María Belén Pérez Teijo. Cómpre lembrar a quen foron presidentes/as ao longo da nosa historia: Manuel Moreda Pérez (1971-73), Xosé Yáñez Basanta (1973-1978), Eduardo Gutiérrez Fernández (1978-2002), Teresa Díaz Estévez (2002-2006), Xavier Campos (2006-2008), e Dores Fernández Abel (2008-2022).

Dende cando se atopa na presidencia?

A directiva renóvase cada ano na asemblea xeral de socios e socias que adoitamos facer a finais de decembro ou principios de xaneiro. Despois de moitos anos presidindo a asociación, Dores Fernández Abel pediu o relevo, aínda que segue vinculada á directiva. Non podemos deixar de lado a experiencia de tantos anos.

Cantos membros son?

Pois preto de 100 socias e socios. A cifra pode ir oscilando segundo os anos. Ribadeo é un lugar moi dinámico e sempre hai xente de paso que, mentres está, quere participar na actividade cultural. Gustaríanos ir a máis, nomeadamente entre a xente máis nova: é o reto que nos propoñemos para esta nova etapa.

Por que ese nome? Quen era Francisco Lanza?

Francisco Lanza foi un xornalista e escritor galego de conviccións republicanas e galeguista. A súa familia proviña de Vilaselán. Cursou os seus estudos en Ribadeo. Fundou en 1919 o semanario local La Comarca (que aínda podemos ler hoxe), de tendencias

liberais e progresistas, no que escribiu numerosos artigos. En 1927 comezou a súa relación co Seminario de Estudos Galegos, no que entrou en 1929 co seu traballo *Ribadeo bajo el señorío de sus condes*, formando parte das seccións de xeografía e de historia. Colaborou na revista Nós e no Boletín da Real Academia Galega, onde publicou diversos traballos históricos e etnográficos sobre Ribadeo. En 1931 emigrou a Buenos Aires, onde traballou en diversos periódicos e publicacións ata a súa morte. A intención, á hora de escoller nome para asociación era clara: buscar o vínculo co galeguismo de preguerra para unir dúas épocas e deixar atrás os anos escuros do franquismo.

Que actividades fan?

Temos un repertorio moi variado, aínda que un tanto minguada pola covid. Charlas/debate, presentacións de libros, recitais poéticos, os paseos da Paco Lanza, as Xornadas de Historia Local, as Palabras no balcón, algunha viaxe cultural (como foi a visita ás exposicións do “pergamino Vindel” ou a referida ao cadro de Castelao A derradeira lección do mestre exposto na Cidade da Cultura), promoción do libro galego cando a festa das Letras Galegas, algún concerto musical convidando a grupos novos que necesitan proxección do seu bo facer, editamos cada certo tempo os *Cadernos Ribadenses*, actividades para pícaros e pícaras, cada ano editamos un almanaque en galego no que escolle-

mos algunha imaxe singular xa sexa da vila ou das parroquias...

Cales son as máis representativas?

Quizais as charlas/debate, os paseos, os recitais poéticos, as Palabras no balcón, as viaxes culturais e as Xornadas de Historia Local, aínda que levamos a cabo outras moitas.

Cumpliron 50 anos, fixeron algo especial?

O ano pasado celebramos o noso 50 aniversario editando un número especial dos *Cadernos ribadenses* que é todo un referente, mesmo para ser empregado nas aulas da vila e da comarca pois reflicte moi ben a nosa historia recente. Seguro que ler un artigo no que che comentan como había que entregar ao censor o texto da conferencia/charla que se fora impartir para que dera a súa aprobación, e que un policía/censor estivera presente en cada charla para comprobar que non te saltabas o guión, había resultar ben instrutivo para a xente nova.

Que aporta a asociación á vida cultural ribadense?

Dinamismo e vida. Repasando a historia da asociación sorprendeme enormemente a capacidade de traballo despregada ao longo destes cincuenta anos: a Agrupación Cultural Francisco Lanza foi o xermolo dun feixe de actividades das que habería de agromar moito tecido asociativo que cobrou posteriormente vida por si mesmo: deporte, cultura,



teatro, activismo social, ecoloxía... Insisto, para todas e todos nós sería moi instrutivo repasar estes anos de historia tan activos vividos desde os últimos anos do franquismo lendo os “Cadernos ribadenses” dedicados ao noso 50 aniversario. Unha vez máis ou menos superada a pandemia temos que retomar a actividade. A historia segue, os problemas son outros, pero están aí. E debemos ser sensíbeis, darlles proxección; e tamén volver a facer actividades de lecer, aínda que con inqedanza cultural.

Contan con apoio municipal para as actividades?

Contamos. Temos un convenio co Concello (ao igual que outras entidades) segundo o cal nos comprometemos a realizar unha serie de actividades que dinamicen (como fixemos sempre) a vida cultural de Ribadeo.

Que necesidades ten a asociación?

ción?

Cada vez é máis complexo xestionar as cuestións administrativas. As asociacións culturais de base teñen cada vez máis problemas para realizar xestións ante a Administración. Obviamente, os mecanismos de control por parte das distintas administracións teñen que ser eficaces, é certo. Pero o ideal sería atopar a maneira de manter eses controis sen que supoña un calvario para persoas que, de xeito desinteresado, tan só queren sacar adiante actividades que dean vida ao seu entorno máis inmediato.

Que é o máis importante que conseguiu a asociación?

Moitas cousas, pero mantermos o facho aceso da cultura en Ribadeo durante cincuenta anos quizás sexa o máis meritório. Anímoas a todas e todos vostedes a que consulten os *Cadernos Ribadenses. Especial 50 Aniversario*. Paga a pena.

SKAYNDOR
SCIENCE THROUGH BEAUTY™

BODY PLAN

3 65

TU PLAN INTEGRAL EN 3 PASOS
CUERPO IDEAL TODO EL AÑO

DESCUBRE LOS TRATAMIENTOS REMODELANTES, ADELGAZANTES, DRENANTES, REAFIRMANTES Y ANTICELULÍTICOS MÁS AVANZADOS

Dermoterapia
Centro de Estética

Foz
Cita Previa:
664 527 486

DISTRIBUIDOR AUTORIZADO

MÁSMÓV!L
NEGOCIOS

VALIREY LUGO S.L.
Oscar Valiño Pin

Ronda das Fontiñas Nº 215 Bajo - 27002 Lugo
628 126 720 - info@valireylugo.com

¡SE NECESITAN COMERCIALES!

O mercado semanal seguirá a celebrarse no aparcadoiro

O mercado semanal dos mércores seguirá a celebrarse no aparcadoiro municipal. Así o decidiron os vendedores e vendedoras na consulta realizada polo Concello de Ribadeo. O edil Pablo Vizoso anuncia que agora se dará entrada a aqueles postos que estaban en lista de espera aumentando así a oferta de produtos e que o seu departamento organizará actividades de dinamización.

O concelleiro ribadense manifestou que “dende hai un tempo observábase e recibíamos no Concello opinións cruzadas e variadas sobre cal debería ser a ubicación do mercado semanal dos mércores: ou aparcadoiro municipal, habilitado para acoller os postos de venda e visitantes como consecuencia das restricións derivadas do coronavirus, ou ben a zona da praza de abastos, afectada polo límite de espazo e pola imposibilidade de ampliación”.

Organizan actividades para a mocidade esta quincena de maio

Están programadas varias actividades para esta primeira quincena de maio. O día 13 terá lugar o Escape Room Noite Meiga. Trátase dunha proba de escapismo e orientación urbana na que poderá participar toda a familia a partir dos 11 anos. Tamén ese día dentro do ciclo O Concello cos Coles haberá un Escape Room educativo titulado Rexeita o Maltrato no colexio Sagrado Corazón.

E o 16 de maio está prevista unha sesión de Cine na Rúa coa proxección da película de animación Valentina. É unha longametraxe de animación, de produción totalmente galega e en galego, que foi estreada a finais do ano 2021 e recibiu o premio Goya á mellor longametraxe de animación.

Percorrido do medieval aos indianos

A Asociación para a defensa do Patrimonio Cultural Galego, o Concello de Ribadeo e Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, organizamos un evento en Ribadeo o día 21 de maio. Dende as 11.00 horas vaise facer un percorrido por distintas etapas históricas da cidade comezando pola Idade Media, para seguir pola Ilustración e a Modernidade

O percorrido será pola mañá e pola tarde e estará dirixido por persoas expertas nas distintas etapas arquitectónicas.

O Concello de Ribadeo realiza obras de mellora no teleclub de Arante

O Concello realiza obras de mellora no teleclub de Arante. O investimento, procedente de fondos propios, ascende a 14.000 euros. Así, o Concello ribadense segue co proxecto de mellora das escolas municipais e Teleclubes das parroquias.

Ademais dunha mellora na accesibilidade e da estética en xeral coa pintura do edificio, mellorouse a instalación eléctrica e creouse un baño adaptado no interior do edificio coa súa correspondente foxa séptica estanca. Tamén están colocando unha importante carpintería de aluminio para illar convenientemente o cobertizo anexo, xa que se atopaba practicamente en abertal, e tamén nunha pésima situación de estética. O concelleiro de Medio Rural sinalou que “estas eran as demandas que a



asociación de veciños de Arante nos tiñan feito e que, logo das correspondentes autorizacións hidráulicas, comprometémonos a facer”. Para todas estas obras o Concello destina 14.000 euros de fondos propios municipais para acometer estas melloras necesarias, estando agora as obras a piques de rematar.

Proxectan unha senda costeira entre Rochas Brancas e Vilaselán

O Concello creará unha senda costeira entre a praia de Rochas Brancas ata despois da depuradora nova de Vilaselán e un treito mais en Piñeira, na zona de Areosa. O proxecto, para o que solicitou unha subvención de 77.000 euros á Reserva de Biosfera Río Eo, Oscos e Terras de Burón, contempla 8,6 hectáreas de ámbito de actuación.

Trátase da ruta costeira do Cantábrico un sendeiro moi utilizado que adoecía de continuidade desde a praia de Rochas Brancas ata despois da depuradora nova de Vilaselán. Tampouco tiña continuidade nun punto bastante importante da costa da parroquia de Piñeira, un tramo

na zona de Areosa.

Para isto o Concello solicitou unha subvención a través da Reserva da Biosfera, que ten axudas económicas a través de fondos europeos, tramitadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Xunta de Galicia.

Este proxecto é ambicioso, son 77.000 euros para 1,7 quilómetros de senda en total, entre o tramo de Piñeira e do de Rochas Brancas a Vilaselán. Leva un plan de actuación de erradicación e control de especies, tanto exóticas como invasoras, e o mantemento e mellora do hábitat, tanto de árbores mortas como das ribeiras e dos cantís.



SOLIDARIEDADE. As organizadoras do mercadillo solidario para recadar fondos destinados a unha asociación que trae nenos ucráinos a Galicia agradece a colaboración de Ribadeo e a súa xente. O mercadillo celebrouse desde a tarde de Xoves Santo ata o mediodía de onte, Domingo de Pascua, no baixo que ocupaba a Droguería Pulpeiro, fronte á oficina de Abanca.

a pontenova

O Pleno aproba reducir a velocidade na N-640

A proposta do BNG de reducir a velocidade no casco urbano da Pontenova foi aprobada por unanimidade polo pleno do Concello da Pontenova. A resolución aprobada contempla distintas medidas: substitución de sinais, pasos elevados ou colocación de semáforos ámbos redutores de velocidade.

O portavoz do BNG, Xosé Luís Gutiérrez na súa intervención no pleno manifestou “hai consenso entre os expertos que reducir a velocidade a 30 km/h nas zonas urbanas diminúe tanto o risco de sufrir un accidente, como a gravidade do mesmo de producirse. Na estrada N-640 ao seu paso polo casco urbano hai vehículos que circulan a unha velocidade excesiva e temos a responsabilidade de revertir esta situación”.



O nacionalista agarda agora que o Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana -propietario de estrada- e o Concello da Pontenova executen o acordo nun breve período de tempo.



MIGUEL PIÑEIRO MOURE. O Pleno acordou por unanimidade nomear a Miguel A. Piñeiro Moure, Fillo Adoptivo da Vila. Dende o Concello destacan que conceden este nomeamento “en aras do seu excelente facer profesional cara as terras e as xentes da Pontenova, así como o traballo desenvolvido especialmente na defensa das augas e a biodiversidade do río Eo”.

A Escudería Pontenova ten lista a nova equipación para a IX Subida

A Escudería Pontenova vén de informar que xa teñen lista a nova equipación para a IX Subida A Pontenova, que se celebrará o 2 e 3 de xullo.

Así, teñen á venda camisetas e polos, por 10 e 15 euros respectivamente, en todas as tallas de adultos e nenos. Estarán dispoñibles na tenda de Orli, na Librería Eugenia ou poñéndose en contacto con calquera persona da organización. A proba de motor está centralizada na localidade de Pontenova que lle dá nome e o tramo de subida sempre está localizado na estrada LU-4803, entre os puntos kilométricos 0.45 e 5.25, con 4,8 kms de lonxitude.

A parroquia de Vilameá organiza a Festa das Flores

A parroquia de Vilameá no Concello da Pontenova organiza para o sábado 21 de maio a Festa das Flores, unha celebración que contará con música e gastronomía a partes iguais. Ás 18.00 horas haberá misa solemne e acto seguido será a procesión polo pobo e a sesión de alterne a cargo da solista Verónica Cambón que tamén amenizará a verbena da noite.

Ás 22.00 será a quenda da cea na compañía de veciños, familiares e amigos e estará servido polo Hotel San Briz. Terá un prezo de 20 euros para adultos e 12 para nenos de 3 a 12 anos. A data límite de recollida dos tickets é o 15 de maio e poderanse adquirir no Hotel San Briz, na Librería Eugenia, na Panadería Millán e á propia comisión organizadora.

O centro de saúde conta con fisioterapia trala súa reforma

O centro de saúde de Mondoñedo xa conta cun espazo de fisioterapia que engrosará a oferta asistencial de Atención Primaria que se presta neste Concello. O goberno galego tamén acometeu outros traballos para reformar e mellorar o centro de saúde mindoniense, entre eles, a substitución da cuberta do edificio sanitario.

As obras para habilitar a nova área de Fisioterapia supuxeron un investimento de algo máis de 65.000 euros. As actuacións levadas a cabo implicaron a construción dunha sala de exercicios con tres boxes de tratamentos para electroterapia, microondas e ondas de choque; e o resto da sala para a localización de dúas padiolas de tratamentos, dous ergómetros, unha mesa de mans, unhas espaleiras dun metro, paralelas e escaleira con rampla, entre outro material para a realización das terapias físicas e tratamentos recuperadores



ou rehabilitadores dos pacientes. A nova zona de fisioterapia tamén conta con dous aseos adaptados con vestiario con seis cabinas cada un. Os traballos tamén supuxeron a substitución da cuberta do centro médico mindoniense. O departamento sanitario do Goberno galego investiu máis de 64.000 euros na reposición de material da cuberta do centro para corrixir as patoloxías detectadas e o deterioro ocasionado

polo paso do tempo nesta zona do edificio, e así mellorar a impermeabilidade e o illamento do edificio. Os traballos levados a cabo no centro de saúde de Mondoñedo inclúense dentro do obxectivo xeral da Xunta de mellorar as infraestruturas de Atención Primaria, co obxectivo de acercar o maior número posible de servizos aos cidadáns e ofrecerlles unha asistencia sanitaria próxima, eficaz e de calidade.

O Concello cede 2 parcelas no polígono para unha base contra incendios

O Concello cede dúas parcelas da súa propiedade, no polígono industrial, para a ubicación dunha Base de Unidade Operativa, no marco do Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia.

Trátase de dúas parcelas que estaba adscritas a un uso dotacional e deportivo. No caso dunha delas, sométese ao pleno o cambio de uso, para ser de servizos, deixando de ser deportivo. Neste sentido, dende

o Concello lembran que todo o que se está facendo de uso deportivo ten ubicación no complexo, ou no seu entorno, do pavillón polideportivo. O Concello destaca a céntrica ubicación dos terreos.

As BUO configúranse como unha instalación profesional específica. Normalmente a superficie mínima para a súa implantación ronda os 3.000 m², pero neste caso é posible a súa implantación cunha superficie de 2.

100 m². Segundo as previsións, as oficinas serán un módulo de 20 x 15 m, máis os retranqueos necesarios; o garaxe debe ter uns 20 x 11 m, máis os retranqueos necesarios. Os vehículos pesados asociados, tipo motobomba, nodriza ou pick-up requiren ángulos de xiro amplos, de entre 8 e 12 metros de radio. Prevese que utilizaran as futuras instalación entre 30 e 40 persoas das brigadas da contorna.mba, axentes, etcétera).

Os clásicos chegarán ao Concello o 18 de xuño

Os coches clásicos volverán reunirse o 18 de xuño en Mondoñedo na IX Xuntanza de Clásicos. Previsiblemente será na praza da Catedral aínda que a organización non deu máis información polo momento.

A organización avanzou o menú para o xantar que consta de merluza á galega, solombo de porco con cogumelos, sobremesa, café e bebidas, por 35 euros, e ademais contará coa sesión vermú antes do xantar.

Para anotarse haberá que chamar ao 629 808 751, 605 372 045 ou 636 496 439 ou poñerse en contacto por email a amarful@hotmail.com.



Esta organizado pola Asociación de Clásicos Mindoniense Miraeanda en colaboración do Concello de Mondoñedo

Os veciños contarán co servizo Coidados porta a porta en maio

Os días 13, 16 e 18 de maio terán fronte ao colexio de Riotorto unha unidade móbil dentro da campaña Coidados porta a porta.

Esta campaña destinada a persoas maiores de 55 anos e é totalmente gratuíta. Ofrecerá tres servizos principais. Por unha banda, un servizo de podoloxía. Faise unha consulta básica de podoloxía; unha valoración do estado xeral do pé; un corte e limpeza de uñas; eliminación de durezas, calos e

helomas.

No servizo de audiología faise unha valoración e exploración funcional da audición e prevención da perda auditiva. E finalmente no servizo de estimulación da memoria, un profesional realizará unha valoración cognitiva e achegará as pautas terapéuticas. Os interesados poden pedir cita no teléfono 622 748 283 ou no correo electrónico coidadosportaaporta.politicocial@xunta.gal.

MEDIO DE COMUNICACIÓN REFERENTE NA MARIÑA SELECCIONA DELEGADO COMERCIAL

- Imprescindible residencia na Mariña
- Salario segundo convenio e produtividade

Interesados enviar C.V. a: comunicacionepublicidade@gmail.com ou chamar ao 602 242 986

HOMBRE MUJER NIÑOS
Servicio a domicilio
Horario mañanas: 9:30 a 13:30
Tardes: 16:00 a 20:00
Tel.: 663 536 651
C/ Federico García Lorca, 2 Foz

AISHA
DESDE 1921

PELUQUERIA BARBERSHOP

Costas recuperará os sistemas dunares, o paseo e os accesos de Arealonga en Reinante



A Dirección Xeral para a Sostenibilidade da Costa e o Mar está a ultimar os proxectos de recuperación e protección do sistema dunar de Arealonga en San Miguel de Reinante así como no acceso á mesma e no paseo marítimo.

José Miñones anunciaba, na súa visita en decembro de 2021, que o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico está a ultimar a redacción dos proxectos para facer melloras neste municipio mariñán.

Estas actuacións consistirán na

recuperación do sistema dunar da praia no que se pechará o paso da xente para evitar o desgaste. Posteriormente está prevista a execución de novos accesos e a mellora dos xa existentes así como do paseo marítimo.

A idea é a de reducir parte do formigón que hai nesa contorna coa introducción de novos elementos de madeira para que non sexan tan agresivos coa contorna. Tamén se mellorarán os antigos aseos da praia xa que agora mesmo atópanse inutilizables.

A vila contará co programa Coidados porta a porta

O Concello de Barreiros acolle o programa Coidados porta a porta, un programa gratuito que ofrece diversos servizos ás persoas maiores, en unidades móbiles que percorreren diferentes concellos do medio rural das 4 provincias galegas.

As datas previstas para a estada son o 9, 10, 11 e 12 de maio entre ás 09.00 e ás 20.00 horas e estará na praza do Concello. Para participar haberá que pedir cita no teléfono 622 748 283 ou ou no e-mail: coidadosportaaporta.politicasocial@xunta.gal.

O día 9 de maio ás 11.00 horas haberá unha charla informativa nas escolas a carón da Casa do Concello

Os servizos, que se prestarán, preferentemente baixo cita previa, ás persoas que se acheguen, serán os de audioloxía, consistente en revisión e valoración auditiva, o de podoloxía para a prevención, diagnóstico e tratamento das principais patoloxías dos pés como a eliminación de durezas, control de uñas; e o de prevención do alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas que consiste na realización de probas de valoración cognitiva, exercicios e fichas de estimulación cognitiva, actividades de estimulación funcional e envellecemento activo, entre outras.

Volven as festas de verán, como o Festival de Augas Santas ou os Retroclásicos



O sábado 18 de xuño celébrase o IX Festival Histórico Augas Santas de Santo Estevo do Ermo de Barreiros, así o confirmou a irmandade.

Polo momento non hai programa pero noutras ocasións a xornada comezou pola mañá cun mercado de artesanía, seguido por unha escenificación e misa solemne en honra a Santo Estevo.

Tamén houbo actuacións musicais durante todo o día e xantar típico destas celebracións e para rematar vodas celtas e queimada para pechar

Barreiros modifica a ruta de sendeirismo Lagoa de Pallares

O Concello acaba de redefinir a antiga ruta da Lagoa dos Patos. Para isto modificouse o seu trazado facéndoo pasar por máis puntos de interese turístico, a maior parte deles de carácter cultural. Así, a ruta da Lagoa dos Patos pasa a chamarse "Ruta Lagoa de Pallares" e ten o seu punto de inicio no estacionamento do campo de fútbol do Cascabeiro onde atoparemos o panel de inicio coa información básica do sendeiro.

O novo trazado, de dificultade moderada, tamén é circular e conta cunha distancia de 5,5Km máis desvíos a puntos de interese, podendo facela a pé ou en bicicleta.

A súa sinalización, con marcas brancas e azuis, está preparada para facer o percorrido nun só sentido. Partindo do punto de inicio, dirixímonos cara ao cruceiro de Viladaíde, onde nos desviamos á esquerda. A partir de aí comeza un descenso suave cara a contorna da ría de Foz-Masma que conta con diversos puntos desde onde obteremos unhas fermosas vistas á mesma podendo prestar atención



á flora e fauna propia desta contorna natural declarada Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) e Zona de Especial Conservación (ZEC) entre outras figuras de protección ambiental.

Así mesmo, na contorna deste esteiro, descubriremos a pequena Lagoa de Pallares, que lle dá nome ao roteiro. Pasaremos por xunto a este recurso tanto á ida como á volta para, posteriormente, desviamos cara os lugares de Vilar e A Áspera e adentrarnos así na parte máis vinculada ao patrimonio cultural de carácter etnográfico, relixioso e civil.

Ademais, os/as sendeiristas contan coas ferramentas dixitais Wikiloc (perfil "ConcellodeBarreiros") e Google Maps para poder seguir o roteiro. Toda a información da ruta coma a descarga dun folleto dixital e do track en GPX, se atopan dispoñibles na sección de sendeirismo da web municipal www.concellodebarreiros.gal.

Aclaran que, aínda que están pendentes de recibir material complementario que axude a darlle visibilidade a esta ruta, a sinalización direccional xa está instalada e, polo tanto, xa se pode utilizar.



O PP insta a arranxar os accesos á praia de San Bartolo e as vías

O PP de Barreiros insta á alcaldesa, Ana Ermida, a xestionar con Costas a apertura dos accesos á praia de San Bartolo, pechados a causa dun derrube de terra ocorrido hai un ano. "A estas alturas do ano, os concellos con costa preparan as infraestruturas para acoller nos meses de verán aos visitantes, que son unha das principais forzas impulsoras da economía local. No municipio de Barreiros", segundo sinala o portavoz do PP, José Manuel Gómez Puente, "o goberno local non parece ter especial preocupación por estas cuestións". Considera que unha boa mostra do que di e que "a praia

de San Bartolo de San Cosme de Barreiros segue, despois de máis dun ano, sen estar accesible".

Por outra banda, demandan un plan de rebacheo das pistas municipais. Os populares advirten do mal estado no que se atopan algunhas vías que comunican distintos lugares do municipio e urxen ao goberno local a xestionar o necesario arranxo "para dotar aos veciños de Barreiros dunhas estradas en condicións dignas".

Pon como exemplos "o mal estado" das rúas Sarxéndrez e Fieiro, da parroquia de San Pedro de Benquerencia.

“Barreiros ten unha situación urbanística complexa”

Ana Ermida converteuse na primeira alcaldesa do Concello nas eleccións do 2019

Pode facernos un balance do último ano para o Concello?

Facer un balance dun só ano é complexo, e máis nunha situación como a que se vén atravesando nestes dous últimos anos a nivel xeral coa pandemia e en particular en Barreiros, desde o inicio do mandato, coa situación na que collemos o Concello. Con todo, creo que no 2021 puideron verse proxectos interesantes que se puxeron en marcha e que amosan o camiño que podemos seguir, como é a creación de áreas de espaxamento para a poboación, a mellora de viais, a posta en marcha do proxecto de compostaxe comunitaria, a calidade da programación cultural e deportiva continuada e descentralizada, actividades en materia de igualdade ou o inicio dunha promoción turística diferente que pon en valor o territorio desde o seu coñecemento e o respecto ao medio como fíos condutores.

Que quedaría por facer?

Quedan moitísimos proxectos por facer e poñer en marcha. Só levamos tres anos e, como dicía antes, enfrontámonos a unha situación inusitada. Aínda así, non foi desculpa para estar parados nin moito menos. E ao que aspiramos é a seguir traballando para mellorar a calidade de vida da veciñanza e contar con servizos de primeira. Temos pendentes de iniciar as obras de remodelación das escolas de San Cosme para crear arquivo municipal e unha sala multiusos e o teleclub para crear locais para asociacións e para pequenas empresas ou persoas autónomas que precisen dun local onde prestar a súa actividade. Temos tamén proxectos para comunicar con sendas peonís e/ou ciclistas os centros urbanos e a zona de praias. E estamos traballando en proxectos de depuración e a posibilidade de adaptación aos distintos núcleos do interior. Sen esquecermos da necesidade de mellorar a zona do polígono industrial e poder desenvolver solo que permita un maior asentamento industrial.

Cal é o maior proxecto que se levou a cabo dende que goberna?

Cando chegamos fixémoslo conscientes das limitacións que atoparíamos. Aínda foron maiores do que pensábase, porque a xestión que se fixera non permitía ter unha radiografía real da situación municipal de inicio. Con todo, centrámonos primeiro en traballos quizais pouco visibles, pero imprescindibles: a implantación de control no gasto, a priorización do mesmo, a xestión do traballo diario

ou a optimización dos recursos foron fundamentais para poder frear a sangría económica que se estaba a producir. Por outra banda, investimos grandes esforzos no sistema de abastecemento de auga potable. Pode que a xente non se lembre, pero o habitual neste Concello hai uns anos era que a auga fora inservible en canto chovían catro gotas. Desde este goberno investimos esforzo e diñeiro en dotar o sistema de mecanismos modernos para o tratamento de auga e en formación do persoal, así como en renovar a propia rede en zonas que daban grandes problemas, como en Celeiro, San Cosme ou Remior entre outros. E tamén revisamos os sistemas de depuración e os melloramos na medida do posible. Son cousas que non se ven, pero fundamentais para tentar que o funcionamento diario do Concello sexa normal.

Cales son os beneficios de Barreiros fronte a outros municipios?

Non creo que sexamos nin mellores nin peores e tampouco podemos tratar de illarnos do mundo e vendernos coma unha burbulla. Barreiros ten de todo ao alcance da man: desde un rural vivo, que produce alimentos de altísima calidade para a poboación; ata espazos naturais de grande valor como pode ser o Santo Estevo ou a propia ría. Sen deixar de lado os areas polos que se nos coñece a todos os niveis. E por suposto, unha veciñanza aberta a acoller a calquera e respectuosa cos demais.

Que necesidades ten o Concello a día de hoxe?

O primeiro, que non se ve no día a día pero é fundamental: contar con unha economía saneada que permita planificar políticas e proxectos a medio prazo e poder priorizar non só en función da dispoñibilidade económica, que limita moitísimo e é o que levamos sufrindo nestes tres anos. Ao tempo, precisa mellorar os servizos básicos, desde a depuración ás infraestruturas e, para iso, é fundamental tecer redes e contar con colaboración doutras administracións, xa que un Concello coma Barreiros por si mesmo non ten capacidade para dotar de servizos de calidade á poboación habitual e absorber o que supón o incremento de poboación temporal.

Como se atopa o proxecto de construción dunha nova depuradora en San Miguel?

Desde o inicio marcámolo coma un obxectivo do que non decaemos. Este é un deses servizos nos que é

fundamental a implicación doutras administracións e non serve buscar culpables, senón solucións. Por iso, desde o Goberno municipal seguimos insistindo en ter contactos con todas as administracións para que sexan conscientes da situación e se impliquen en solucionalo. Seguimos chamando ás portas, presentando o proxecto alí onde pode ter cabida e seguiremos traballando incansablemente ata conseguilo.

En que punto se atopa o tocante ao proceso xudicial co exalcalde?

Desafortunadamente para Barreiros, houbo anos nos que os procesos xudiciais eran o máis destacado a nivel municipal. Iso non só trouxo unha imaxe moi danada de Barreiros, senón importantes custos económicos que aínda teñen consecuencias. Nestes momentos, hai procesos pechados e outros, como a reclamación de gastos derivados de xuízo, que os concelleiros da oposición decidiron xudicializar, fronte ao que aprobaron en Pleno. Neses casos, estaremos ao ditado do que decida a xustiza, como non podería ser doutro xeito.

Despois de todo este proceso,

“Hai que situar Barreiros no mapa das cousas boas, no caixón dos concellos con orgullo de seu e poder presumir del”

Como se atopa a cuestión urbanística en Barreiros?

Barreiros ten unha situación urbanística complexa, cunhas normas moi antigas e obsoletas. Estamos traballando na redacción do Plan Xeral, para dotarnos dun instrumento de planificación moderno e que dea seguridade; tratando de evitar situacións que se puideron dar e cuxas consecuencias non son desexables para ningún municipio.

A finais do ano pasado pasaron a xestionar o comedor escolar do CEIP San Cosme, porque o Concello decidiu asumir esa xestión?

A decisión foi adoptada por responsabilidade e pola crenza absoluta de que os servizos públicos teñen que ser da mellor calidade posible. O CEIP de San Cosme ten servizo de comedor desde hai algúns anos xestionado pola ANPA, pero as dificultades para asumilo co voluntariado



das familias eran cada vez maiores. Polo número de nenos que usaban o servizo, a Xunta decidiu non facerse cargo; polo que desde o Concello demos o paso adiante, na crenza de que como servizo complementario ao educativo é fundamental contar con el, non só como instrumento de conciliación; senón como parte fundamental na educación neste caso nutricional das crianzas. E con ese convencemento e nese sentido, estamos traballando nos hábitos de alimentación saudables e na formación de crianzas e familias.

Contan cun plan de igualdade e unha concellaría neste ámbito, que supón para o Concello e os veciños?

Pois trátase dunha aposta fundamental na implementación de políticas igualitarias para todas as persoas, traballadoras municipais e veciñanza. Creemos que as políticas de igualdade deben ser transversais e aplicarse no día a día e para iso é fundamental contar con coordinación e con instrumentos nos que basearse. Por iso traballamos a diario, desde a educación e para todas as idades. Porque crear unha sociedade máis xusta e igualitaria non só é un obxectivo abstracto, senón que ten que reflectirse no día a día e as administracións debemos ser actores impulsores neste ámbito.

Houbo problemas polo servizo de saúde no rural e no Hospital da Costa. Está Barreiros afectado?

A situación da sanidade nesta comarca é, desgraciadamente, ben coñecida por calquera que viva aquí. Barreiros non queda á marxe da precarización da mesma e pasa gran parte do ano con menos persoal facultativo e de administración do que ten asignado, o que inflúe directamente na calidade do servizo que recibe a veciñanza. Capítulo aparte merece o servizo de pediatría, intermitente, escaso e, ao igual que todo o servizo de saúde máis dependente da vontade inequívoca dos profesionais que fai que funcione ca dos verdadeiros medios cos que conta. A maiores, por exemplo o verán pasado, cando a poboación se multiplicaba notablemente, non se contou con servizo médico estable para as persoas desprazadas e iso, induda-

blemente, sobrecarga aínda máis ao persoal habitual que xa sofre dunha sobrecarga importante.

Pecháronse tamén oficinas bancarias en Barreiros?

A problemática dos servizos nos pequenos concellos e, especialmente, no rural galego fai que cada vez a xente que aposta por vivir no rural “compita” con maiores desigualdades ca quen o fai en zonas urbanas ou semiurbanas. Isto parece unha contradición clara a esa propaganda que recibimos cada día de volta ao rural, porque está claro que a xente precisa de servizos e comodidades no seu lugar de residencia. E o recorte que se vén producindo en sanidade, educación, servizos bancarios, correos, transporte, etc. provoca que moitas veces a escolla do lugar de residencia se fai desde un punto de vista sentimental e non pragmático. E o que non se pode é apelar só aos sentimentos para manter un territorio, senón que hai que apostar por el e investir o necesario para que non sexa só un lugar bocólico onde descansar, senón un lugar no que vivir dignamente. Aquí pechouse unha oficina bancaria nos últimos anos e quedou unha colaboradora o que reduce servizos desa entidade concreta. Con todo, o dinamismo que amosa Barreiros fai que sexa dificilmente xustificable que poidan adoptar esas medidas, mais debemos prestar atención por se puideran darse no futuro.

Ten algún proxecto de cara ao futuro?

Falabamos antes de proxectos de mobilidade entre as zonas urbanas e as praias ou de proxectos de rutas que xa se están a realizar. Tamén de proxectos alternativos de augas residuais en núcleos do interior e mesmo a EDAR. Proxectos que nalgún caso poden ser máis inmediatos porque requiren de menos dispoñibilidade económica ca outros. En calquera caso, o noso proxecto é seguir traballando para situar a Barreiros no mapa das cousas boas, no caixón dos Concellos con orgullo de seu e do que a veciñanza poida presumir coa cabeza alta de pertencer a un concello no que a bandeira é a humildade e a honestidade

lourenzá

Álvarez Chao deixa a presidencia do PP

Emma Álvarez Chao deixa a presidencia do PP de Lourenzá. A popular manifestou a súa vontade de “dar un paso atrás” durante unha reunión mantida coa presidenta provincial, Elena Candia, e o coordinador xeral, José Manuel Balseiro.

Con esta decisión, adoptada conxuntamente coa dirección da formación, preténdese reforzar a estrutura do Partido neste municipio e “traballar nunha estratexia que permita a gobernabilidade do PP neste concello en 2023”, explica Candia.

“Damos así, continúa, un paso máis para poñer fin á parálise na que se atopa este municipio dende que o Partido Socialista está no goberno”. Tal é así que, nas vindeiras semanas, a dirección provincial dará conta de quen dirixirá esta agrupación.

Terras de Lourenzá organiza a primeira fin de semana de roteiros

A Asociación de Sendeirismo Terras de Lourenzá organiza para o 21 e 22 de maio a primeira fin de semana de rutas que será inaugurado cunha viaxe ata a provincia de León.

O primeiro dos roteiros será a das Tres María, que é circular e consta de 12 quilómetros de dificultade media baixa, e o domingo será a quenda da ruta Faedo de Ciñera, que son 5 quilómetros lineais. Ao remate haberá unha visita guiada pola Cova de Valporquero. A actividade ten un prezo de 115 euros para socios e 120 para os non socios, e é necesario anotarse para participar antes do martes 17 de maio chamando ao 647 067 054.

O Concello prepara dous novos cursos para este trimestre

O Concello de Lourenzá prepara dous novos cursos para este trimestre, un de debuxo e pintura e outro sobre a arte de respirar. No primeiro deles, o de debuxo, impartiranse diferentes técnicas en diferentes niveis.

No segundo trantaranse temas como a vitalidade e a enerxías, rexuenerar o cerebro e purificar o sangue.

Para ambos os dous haberá unha reunión previa mañá 19 de abril na sala Torreón dos Frades ás 20.00 horas.



O albergue público da localidade volve abrir as súas portas

O albergue público de Lourenzá volve abrir as súas portas cun novo aspecto. Este edificio, situado na praza da Gracia, ten 18 prazas e todos os servizos que precisan os peregrinos.

Para reservar praza ou pedir información haberá que chamar ao te-

léfono 646 384 124 e 652 186 731, ou mandar un correo electrónico a lourenzaturismo@outlook.es.

Lourenzá é final da etapa do Camiño Norte dende Ribadeo, un percorrido de 28, 2 quilómetros e dunhas 6 horas e 45 minutos, e dará saída á seguinte cara Abadín.

15 concellos serviranse desde final de ano da planta de biorresiduos

As obras da nova planta de biorresiduos unha infraestrutura que se prevé que entre en funcionamento a finais deste mesmo ano para dar servizo a 15 concellos, avanza a bo ritmo, así o comprobaron o presidente executivo de Sogama, Javier Domínguez, o delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, e o alcalde de Cervo, Alfonso Villares.

As instalacións, cuxa construción foi adxudicada por preto de 6,4 millóns de euros á UTE Espina Obras Hidráulicas, S.A- Geoxa, Xeneral de Construcións, S.L, ocupará unha parcela de case 8.000 m² e dará servizo a 14 concellos da Mariña lucense, Alfoz, Barreiros, Burela, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Muras, Oure, Ribadeo, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro, Xove e Cerv, ademais do coruñés de Mañón, aglutinando unha poboación de máis de 69.300 habitantes.

Esta instalación formará parte da rede de infraestruturas deseñada pola Xunta a fin de que a meiran-

de parte dos concellos adheridos a Sogama teñan acceso á valorización da materia orgánica e dispoñan dunha planta de biorresiduos ou de transferencia a menos de 50 km de distancia.

A planta de Cervo acollerá todo o proceso de compostaxe, pretratamento, fermentación, maduración e almacenamento, disporá de capacidade para tratar 3.000 toneladas de materia orgánica anuais, ás que habería que sumar 1.600 toneladas de material estruturante, é dicir, podas e restos de madeira, e producirá ao redor de 1.500 toneladas de compost que se destinará ao sector da agricultura e da gandería como fertilizante natural.

Así mesmo, estará alimentada por enerxías renovables e equipada tamén con novidosos e innovadores sistemas de depuración de augas e de aire, así como de control do nivel de ruído, garantindo con isto unha operativa respectuosa coa contorna.

Cervo acondicionará o camiño rural desde Rego de Outeiro ata a Carcova



O Concello pretende mellorar e acondicionar o camiño rural que vai desde Rego de Outeiro ata a Carcova, na parroquia de Rúa.

O proxecto contempla a reparación da capa de rodadura do camiño coa fin de facilitar a accesibilidade ás parcelas establecidas nesa zona. Realizarase – tamén – a apertura de cunetas para favorecer a drenaxe e a evacuación das augas pluviais do camiño, farase unha limpeza manual dos caños existentes e, por último, executa-

ranse uns pasos de salva para dar acceso ás parcelas ás que da acceso o camiño.

O orzamento desta execución elévase ata os 47.742 euros, que correrán a cargo do remanente das arcas municipais.

Apunta o alcalde, Alfonso Villares que “esta actuación vai mellorar a a accesibilidade no camiño rural que vai desde Rego de Outeiro ata a Carcova, favorecendo o paso para os veciños e veciñas ás parcelas situadas na súa contorna”.

vegadeo

O recinto feiral acollerá a LVII Feira de mostras en xuño

O recinto feiral de Vegadeo acollerá en xuño unha nova edición da Feira de mostras, que este ano chega a súa LVII edición.

Esta feira celebrarase os días 10, 11 e 12 de xuño e previsiblemente contará con polbeiras, xogos para os máis pequenos e moitas actividades para os asistentes así como os expositores.

EXPOSICIÓN. A casa de cultura de Vegadeo acolle a exposición RCTA (Reinterpretación da Cultura Tradicional Asturiana) do artista asturiano Ricardo Villoria, un percorrido a través de fotografía, vídeo,

música e indumentaria da cultura asturiana.

Esta mostra englobase dentro do Circuito de Asturias Cultura en Rede e estará aberta ao público ata o 31 de maio.

Ricardo Villoria é unha mente inquieta, un artista que experimentou coa moda, o vídeo ou a fotografía, creando a súa propia liña de roupa ou colaborando con artistas da talla de Rodrigo Cuevas.

CONCERTO. O domingo 15 de maio ás 18.00 horas terá lugar un concerto da Asociación Musical Entre Ríos. Este espectáculo mu-



sical será no auditorio Félix Menéndez.

Despois do parón obrigado pola pandemia reinicia os concertos e os ensaios e así poder ofrecer o primeiro concerto post pandemia, cun novo repertorio.

A asociación de xubilados de San Cibrao cumple 25 anos de historia

O ano 2021 cumpríase o 25 aniversario da fundación da asociación de xubilados Terra-Mar de San Ciprián, segundo certifica a súa acta de constitución, un acontecemento singular que non puideron conmemorar debido á pandemia, pero que agora pretenden celebrar como corresponde ás vodas de prata do principal colectivo asociativo da localidade.

O seu presidente, Jose Luis Sariago, explicou que como primeira actividade neste 25 aniversario acordaron organizar un xantar de confraternidade ao que poden sumarse todos os seus asociados pero que está tamén aberto á veciñanza en xeral. Será o domingo 15 de maio no restaurante O Noso Lar de San Cibrao, para o que xa teñen aberto o prazo de inscrición a través dos medios habituais (local social e redes de mensaxería).

“Non é fácil que unha asociación logre celebrar 25 anos de actividade ininterrompida e por iso queremos festexar esta efeméride dun modo moi especial, recuperando espazos en común e de confraternidade. A pandemia impediu que o fixésemos o ano pasado pero agora, que parece que a situación mellora algo, con prudencia, imos ir normalizando progresivamente a nosa actividade”, explica Sariago.

Ademais de ser un dos colectivos máis lonxeos, Terra-Mar é un refe-



rente no ámbito social, asociativo, cultural e lúdico, pois desenvolve unha multitude de actividades entre os que están torneos de xogos de naipes, as charlas informativas sobre sanidade e consumo, viaxes organizadas, bailes, inclúe unha coral musical e colabora co Concello de Cervo e con outras entidades e colectivos locais na organización de moi diversas actividades e festexos.

“É certo que os dous últimos anos moitas das nosas actividades sufriron un parón. Pois a maior parte dos nosos asociados somos xubilados, persoas con idade que debiamos ser prudentes no cumprimento da normativa para evitar contagios. Pero por iso quizá poder celebrar os 25 anos é para nós un dobre motivo de satisfacción. E a comida non será máis que o inicio doutros moitos actos que iremos facendo público nos próximos meses para conmemorar o

noso aniversario”.

O 25 de febreiro do ano 1996 un grupo de xubilados “deste porto de San Cibrao” encabezados por Antonio López López tomaron a iniciativa de solicitar a cesión da sala de benestar da Casa do Mar ao director do ISM (na actualidade este local é de titularidade municipal) ao tempo que nomearon unha xestora da que formaban parte, xunto ao seu primeiro presidente, José Díaz Ponte, José Paleo Álvarez, Francisco Paleo Álvarez, Luisa Docampo Sarmiento, Manuela Fernández Díaz, Maruja Docampo Sarmiento, Nazario Suárez Vázquez, Antonio García Méndez, Mariluz Basanta Ben e Alberto Pillado Martínez. Un colectivo que naciou “sen fins políticos, nin lucrativos” e que 25 anos despois continúa amenizando e enriquecendo a actividade social da Península da Paz, agora con máis de 300 socios.

Mellorarán a rede de auga e saneamento en núcleos de Espiñeirido

O Concello de Cervo vai renovar a rede de abastecemento de auga potable existente e executar un novo saneamento que de servizo aos núcleos de Casas Novas e Camiño Chao, na parroquia de Espiñeirido.

O rexedor, Alfonso Villares, a tenente alcalde, Dolores García Caramés, e a edil de Obras, Mali Méndez, achegáronse ata a zona de actuación para comprobar, de primeira man, o avance das obras.

Con esta actuación, ademais de implantar unha nova rede de abastecemento de auga e adecuar unha unha reposición do firme nas zonas afectadas. O orzamento desta obra elévase a un total de 169.889 euros, financiados con fondos procedentes do Plan Único 2021.

O rexedor, Alfonso Villares, salientou que con esta renovación integral “incrementábase cúbrense as necesidades básicas desta zona rural”.

Convocado o XII concurso fotográfico de medio ambiente Cervo Respecta 2022

Convócase o XII concurso fotográfico de medio ambiente Cervo Respecta 2022. Os participantes poderán presentar un máximo de dúas fotografías, baseadas na temática xenérica do medio ambiente, inéditas e orixinais, sacadas en calquera lugar da Comunidade Autónoma de Galicia. Terán que ser imaxes de natureza viva, que sirvan de exemplo de conservación do noso medio.

Deberanse presentar en formato dixital (JPEG), en alta calidade, a unha resolución mínima de 2.048 px. sen limitación de tamaño en MB; a través do correo medioambiente@concellodecervo.com.

O prazo para presentar as imaxes remata o 20 de maio ás 23:59 horas.

Hai tres premios establecidos. Un primeiro, un segundo, e o premio



Top Cervo á mellor fotografía na que se identifique claramente algunha localización do municipio; dotados todos eles con figuras de cerámica de Sargadelos.

O fallo do xurado, composto por tres membros competentes na materia, farase público o 5 de xuño, coincidindo co Día Mundial do Medio Ambiente.

A Escola Infantil mantén aberto o prazo de inscrición

O Concello de Cervo ten aberto o prazo de renovación e novo ingreso para o curso 2022-2023 na Escola Infantil Municipal de Cervo. As inscricións deberán formalizarse no Rexistro Xeral do Concello de Cervo.

O documento para a formalización pode recollerse no mesmo Concello, na Casa da Cultura ou descargarse a través do seguinte enlace.

As familias teñen ata o vindeiro 23 de maio para formalizar a súa inscrición para o vindeiro curso.

A Escola Infantil Municipal sitúase na planta baixa da Casa do Mar de San Ciprián na cal podemos atopar tamén diferentes dependencias que son empregadas para diferentes actividades de carácter social así como ao uso das asociacións veciñais

O Concello envía material aos bombeiros de Ucraína



O Concello de Cervo a través do Servizo Municipal de Extinción de Incendios, Salvamento e Protección Civil, procedeu a facer un envío de material para facilitar o traballo dos bombeiros en Ucraína.

O alcalde, Alfonso Villares e a tenente alcalde, Dolores García Caramés achegáronse ata a sede do GES xunto con Mario Antuña, responsable do Servizo de Emerxencias Municipal e delegado en Lugo da Asociación Profesional de Técnicos de Bomberos (APT) onde estaban a preparar o envío de materiais.

Este envío realizouse despois da reunión que mantiveron o embaixador e o xefe de bombeiros ucraíno co

presidente da APTB, responsables de bombeiros da Comunidade e do Concello de Madrid e ASELF (Asociación Española de Lucha contra El Fuego), na que os representantes ucraínos expuxeron as dramáticas situacións ás que se enfrontan día a día os bombeiros en todo o país.

Deste xeito, o Concello de Cervo fixo entrega de distinto material de intervención en rescates e extinción de incendios entre os que se inclúen dous equipos de excarceración, diverso material de rescate para espazos confinados e 500 litros de espumóxeno, co obxectivo de facilitar o traballo tan complexo que están a efectuar os bombeiros dese país.

O BNG compara o aparcadoiro de caravanas con chabolismo

O BNG de Cervo afea ao Goberno local co servizo de de aparcadoiro de autocaravanas que ofrece o Concello xa que se atopa “nunha zona masificada e mesmo asemella chabolismo sobre rodas”.

Segundo as páxinas oficiais, o número de prazas permitidas é 10 e as horas de estancia son 48 as permitidas, “habitualmente se superan o número de prazas”, din dende o BNG.

“Non temos dúbidas da utilidade que este servizo pode ter para as

cada vez mais persoas que se decantan por este transporte para gozar das súas vacacións”, din os nacionalistas, “trátase dun servizo necesario e tamén é unha maneira de evitar a presenza destes vehículos nas rúas e outras zonas do Concello”.

Pero como todo servizo, “ten que estar regulado, vixiado e controlado, para non converterse, como está a suceder, nunha zona masificada na que algúns ocupan prazas durante meses sen control”.

EN BREVE

CUIDAR(TE). O Centro de Día Aloumiños organiza un programa de apoio e formación que está dirixido a aqueles veciños do termo municipal do Valadouro que no día a día exercen a labor de coidar daquelas persoas dependentes ó seu cargo e que como consecuencia, requiren de axuda de terceira persoa para a realización das actividades básicas da vida diaria. Para máis información e inscricións contactar no 982 574 000 cos Servizos Sociais do Concello do Valadouro.

DEFENSA PERSOAL. O Concello do Valadouro organiza un curso defensa persoal os días 11 e 18 de xuño en horario de 11.00 a 13.00 horas e que será impartido no pavillón polideportivo. Está dirixido a mulleres e homes menores de 16 anos e é totalmente gratuito polo que haberá límite de inscricións. Para participar será necesario anotarse antes do 27 de maio de forma presencial no Concello ou telefónicamente chamando ao 982 148 153. O obxectivo de aprender a defenderse nunha agresión e estará impartido Julián Martín (Instructor Nacional Defensa Persoal) asistido por Alberto Leivas.

A Deputación colabora na compra do antigo cine local e dun edificio

A Deputación colabora co Concello do Valadouro cunha achega de 65.000 euros para a adquisición de tres bens inmobles no centro de Ferreira. A entidade local mercou o antigo cine, unha parcela anexa ao cine e unha vivenda en ruínas con finca grazas a un convenio de colaboración asinado polo presidente provincial, José Tomé Roca, e o alcalde valadourense, Edmundo Maseda. O Concello achegou 10.020 euros.

O Concello xa adquiriu e ten escriturados estes inmobles co obxectivo de mellorar os servizos públicos que ofrece á veciñanza en Ferreira do Valadouro. A institución provincial amósase comprometida con estes proxectos que serven para que dende o Concello se atendan as necesidades sociais con novas dotacións públicas, á vez que se lles dá unha nova vida a infraestruturas que se atopan en desuso e deshabitadas. O presidente subliñou que esta achega económica pon de manifesto "o noso compromiso de colabo-



ración co Concello para que poida ofrecer máis e mellores servizos públicos aos seus veciños e veciñas e, desta forma, contribuír a que a xente se quede a vivir no noso rural".

O antigo cine atópase na Avenida de Viveiro e foi construído no ano 1961. Conta cunha superficie de 405 m² e a parcela anexa ten 217 m². O Concello avaliará agora o estado da infraestrutura para poder estudar posibles usos sociais aos que poder destinalo.

Pola súa banda, xa ten na súa pro-

piedade tamén unha vivenda en ruínas que se atopa na rúa Concepción Arenal, fronte ao parque. A data do inmovible é de 1880 e ten 234m², aos que cómpre sumar a parcela que ten 1.332 m². Esta adquisición permitiralle ao concello ampliar o espazo destinado a eventos, como as feiras e o mercado semanal.

Así mesmo, poderase ampliar a zona de estacionamento, así como tamén estudar futuros proxectos para desenvolver neste lugar que se atopa no corazón da vila.

O Concello cede a pista de andadura á Asociación local Cabaleiros do Ouro

O Pleno do Valadouro aprobou a cesión da pista de andadura á Asociación Cabaleiros do Ouro. A devandita cesión farase a través dun convenio que terá unha duración de dous anos e será prorrogable ano a ano a partir de aí, así como unha axuda á asociación de 3.000 euros para realizar actividades.

O edil de deportes, Eliseo Teijeiro, dixo que "son un grupo de xente do mundo do cabalo que queren facer uso desas instalacións pois estaban sen uso". Así mesmo engadiu que lles gustaría recuperar as actividades e avanzou que xa teñen previsto facer un campionato puntuable para o Campionato Galego de Andadura.

A concelleira da formación polígluca Udival, María José Fernándezm amosou o seu acordo coa idea malia "esperamos que saia adiante xa que foi moita o investimento que se fixo no seu tempo para tela sen actividade".

alfoz

A Feira do Trece será o próximo 18 de xuño

A Asociación de Veciños de San Sebastián de Carballido, no municipio de Alfoz, celebrará no lugar do Trece esta feira onde os asistentes poderán adquirir produtos da zona ademais de cerezas e obxectos de artesanía, gozar coa sesión vermú, xantar un menú típico e deleitarse cun desfile de zocas.

A feira será o sábado 18 de xuño e dará comezo coa apertura da feira de gando, maquinaria, artesanía, produtos da zona e por suposto música tradicional.

Xa ás 13.00 horas será a sesión vermú e o xantar típico, e pola tarde haberá unha entrega de premios da feira así como un sorteo de agasallos. Os trofeos para o concurso de gando son de para o lote máis numeroso de gando e cabalar, o mellor cabalo ou besta de montura, o mellor cabalo ou besta de tiro e a mellor vaca. Ás 18.00 comezará a exhibi-



ción canina a cargo de Paco Lobo e media hora máis tarde unha mostra de adestramento canino de agility, discdog, obediencia e búsqueda. Máis tarde haberá un segundo pase da exhibición canina a cargo de Paco Lobo.

No tocante á música e a verbena, estas comezarán ás 21.30 horas con diferentes grupos musicais.

Calendario para o mes de maio

O Concello, dentro das accións para fomentar o respecto e coidado ao medio ambiente, traballa para reducir os residuos en orixe ademais de xestionalos correctamente. Este taller de transformación de roupa será os sábados 14, 21 e 28 de maio en horario de 17.00 a 20.00 horas na casa da cultura e terá prazas limitadas. As persoas interesadas poden anotarse chamado ao 982 558 001 ou para solicitar máis información.

XABÓN. Organizan un obradoiro de elaboración de xabón con aceite doméstico usado. Será o venres 13 ás 17.00 horas na casa da cultura. É unha actividade dirixida a público adulto e servirá para aprender a reutilizar o aceite de cociña usado e darlle unha nova vida como xabón, actividade tradicional que queremos recuperar e con ela concienciar da importancia da correcta separación de residuos e o seu depósito no lugar axeitado os contedores de aceite municipais ou mellor aínda, a súa reciclaxe. Este curso conta con prazas limitadas e para máis información e inscricións haberá que chamar ao teléfono 982 558



001 ou achegarse ata a Casa do Concello.

UGÍA PEDREIRA. A compositora e intérprete, natural de Vilaronte no Concello de Foz, Ugía Pedreira, visitará o salón de actos da casa da cultura Alfoz o sábado 14 de maio ás 20.30 horas para presentar o seu debut en *solitario*, Segmento Cantábrico.

CONTACONTOS. O 22 de maio ás 19.30 horas no salón de actos da casa da cultura Felipe Díaz, Caxoto contacontos, chegará o

seu humor ata Alfoz. Así, amosará *Miña casa, meu lar* á veciñanza alfocega e ao remate da representación, realizarase a entrega de premios do Concurso de Debuxo e Narrativa das Letras Galegas da Biblioteca.

MAIORES. Continuando coas actividades programadas dende a Concellaría de Servizos Sociais para as persoas maiores, está previsto que as persoas participantes no Programa ActivaMENTE asistan este mes de maio a dúas novas actividades. A primeira será a Charla sobre prevención e mellora da seguridade das persoas maiores, que terá lugar o 19 de maio ás 10.30 horas. A segunda será un Obradoiro de musicoterapia, previsto para o 27 de maio ás 16.30 horas.

COMPOSTEIROS. O Concello ofrece composteiros domésticos á veciñanza que queiran contar con un no seu xardín ou horta. Os interesados en facer o seu propio compost deben chamar a Casa do Concello ou ao teléfono 982 558 001 para ter o seu propio composteiro e a formación necesaria.

Chegan a Xove as Experiencias efémeras

Tras abrir as súas portas en xullo de 2020, o Lugar das Mariñas, en Xove vén de poñer en práctica a súa idea inicial de dotar de contido o lugar.

O programa Experiencias efémeras nace coa intención de poñer en valor a vida na aldea a través de actividades creativas e saudables que permitan visibilizar a mulleres que traballan nestes ámbitos, crear redes de apoio e fomentar o benestar das persoas participantes.

Terá lugar neste mes de maio e consistirá no desenvolvemento de catro obradoiros acompañados dos sabores da aldea en forma de brunch ou merenda.

En todas as actividades se require dun número mínimo de participantes e dun número máximo e en todos os casos se intentará o desenvolvemento da actividade no exterior.

Un estudo cataloga os cruceiros, cristos e cruces do municipio

Presentouse a última publicación editada polo Concello de Xove, un libro sobre Cruceiros, Cristo e Cruces do Concello de Xove, un exhaustivo estudio sobre estas figuras do patrimonio etnográfico.

A obra está escrita por d. Mario Saavedra Pérez, mestre de profesión, cunha longa experiencia no traballo de campo. Como etnógrafo é integrante do Proxecto Carboeira, o cal ten como obxecto a localización, inventario e catalogación dos cruceiros da comarca da Terra Cha.

Dende fai anos realiza a mesma labor de estudio e catalogación nos municipios da Mariña, tendo xa efectuado a catalogación dos cruceiros dos Concellos de Alfoz, Oroul, Valadouro,



Mondoñedo e Xove.

A obra achéganos á figura dos Cruceiros e recolle un interesante catálogo co único cristo, as dezaseis cruces e os oito cruceiros inventariados no territorio de Xove. Recolle lendas e historias tanto dos que están, como

daqueloutros que xa desapareceron. O libro estará a disposición de cada domicilio do Municipio de Xove. Así, calquera membro da unidade familiar poderá achegarse polas instalacións da Casa Consistorial a recoller o seu exemplar.

Preparan a XXIV Feira de Gando Cabalar

A asociación equina A Medela de Xove prepara para o 15 de maio a XXIV Feira Nacional de Gando Cabalar. A apertura do recinto para a presentación dos participantes e medicións dos cabalos será de 9.30 a 11.00 horas, e acto seguido darán comezo as probas de estampa e beleza comezando polos PRG machos e femias, despois cruzados machos e femias, e PRA machos e femias. Xa pola tarde continuarán coa serrada e a chapeada de -1.50, e a serrada e a chapeada de +1.50.

Tamén haberá quenda para os xogos de barriles, galope cruzados e xa por último será a entrega de premios que comezará ás 20.00 horas así como o sorteo dun xato. Para participar no xantar é necesario apuntarse no Whatsapp ao 690 861 415 ou 616 631 495 antes do 11 de maio.

“Temos un gran peso no Concello, xa que son case 40 anos de vida”

Jairo Míguez Baño é o presidente da asociación cultural Saíñas de Xove

Quen se atopa á fronte de Saíñas?

Uns meses antes da pandemia a A. C. Saíñas cambiou de directiva, e na actualidade eu, Jairo Míguez Baño, son quen presido esta asociación xunto a outros membros de Saíñas, que son músicos e bailadores, e que asumen os cargos de vicepresidente, Uxío Dayán Seara; de secretario, José María Casariego Guerreiro; de tesoureiro, Félix Gómez Guindo; e de vogal, Vanessa Chao Goás.

Cantos son?

A día de hoxe, a A. C. Saíñas supera en bo número os 100 socios repartidos en diferentes seccións ou grupos cos que conta a asociación: baile, pandeireta, gaita e percusión.

O grupo Saíñas componse de xente adulta, por así dicir, son os veteranos, de idades comprendidas entre os 20 e 55 anos, que paulatinamente vai integrando xente máis nova, sendo o grupo no que os máis novos ven as súas expectativas realizadas cando chegan a formar parte del. O grupo Cacharelas componse de adolescentes e son o chanzo anterior ao grupo de adultos. A sección infantil dos Galochos integra membros de entre os 12 e 15 anos de idade. Por último están os máis pequenos que se están iniciando nesta fermosa aventura, nenos e nenas desde os 4 anos que se inician no baile tradicional e os de 6 anos que se atreven coa pandeireta, todos eles novas promesas que serán o futuro da nosa asociación. Xunto a estes grupos, están outros membros, que ademais de seren

bailadores, tamén tocan instrumentos: gaiteiros, pandereteiros e percusionistas. Dende a nova directiva, apostamos por achegar o folclore a toda persoa interesada en iniciarse na música e baile pero sen interese por actuar nun escenario; moitos deles son pais e nais dos rapaces da asociación que sentían unha certa inquietude pola cultura tradicional e están empezando a cantar, tocar e bailar coma unha actividade de lecer.

Por que ese nome?

A nosa asociación recibe o nome da Punta Saíñas, unha punta de terra que se mete no mar e que se localiza na parroquia de Vilachá, moi preto da illa de Sarón.

Que actividades fan?

Durante o ano a nosa asociación realiza dende hai xa uns cantos anos unha serie de eventos que ano tras ano contan cun número maior de participación e afluencia como son: o Festival Infantil, que se celebra nos días previos á Semana Santa e ao que se convida a asociacións da nosa comunidade ou do resto de España, coa fin de intercambiar experiencias folclóricas entre a mocidade; o Festival de San Bartolo que se organiza no verán polas festas patronais de Xove coa participación de grupos visitantes galegos e españois. Tamén se fan a Festa do Lacón e Foliada da Mariña. Outros eventos de especial relevancia son espectáculos de folclore tradicional que se foron creando desde o 2010 que recreaban vivencias dos anos pasados como No

adro, O Muíño, A taberna, Tradición ou o máis recente Identidade, do 2017, que supoñen un enorme traballo para os membros da asociación tanto a nivel artístico, de decorado e vestuarios, e que tiveron unha moi boa acollida polo noso público.

Que aporta a asociación á vida cultural en Xove?

A nosa asociación ten un enorme peso no Concello de Xove xa que son case 40 anos que levamos de traballo continuo, dando a coñecer a cultura tradicional. Asemade colaboramos coa Concellería de Cultura do noso concello en calquera actividade á que nos conviden. Participamos nas festas populares amenizando con pasarrúas, nas procesións, así como na inauguración e clausura de eventos culturais e deportivos. Tamén contan coa nosa axuda nas festas anuais como o Nadal, o Entroido, a Festa das Fillas de María, os Encontros de Palilleiras, actividades da Asociación de Comerciantes, entre outras.

Traballan e asistín a eventos doutros sitios?

Na medida do posible, e da dispoñibilidade que teñamos de datas, gustanos participar en seráns e foliadas ás que se nos convida ou outros tipos de celebracións xa que consideramos que é indispensable axudarnos entre as asociacións para que a nosa cultura perdure e se mantenga viva.

Que necesidades ten a asociación? Eu creo que non só a nosa asociación, senón que calquera asociación



adicada á conservación e difusión da cultura tradicional, debe ter maior apoio por parte das institucións competentes, no senso de promover que todas as persoas a coñezan e respecten, e defender o labor que desenvolven estas asociacións xa que o folclore é un dos elementos de identidade de cada sociedade.

Contan co apoio municipal?

Non podemos ter un Concello que nos apoie máis ca o de Xove pois sempre contamos co seu apoio económico e a súa colaboración en todas as actividades que realizamos, ademais de dotarnos de locais onde poder ensaiar, reunirmos ou actuar. Por todo isto, quero expresar o meu agradecemento ao noso concello pola súa continua accesibilidade e preocupación pola nosa asociación.

Que é o máis importante que conseguiu a asociación?

Eu creo que o máis importante foi manterse viva tantos anos xa que para o vindeiro ano celébrase o cuadrexésimo aniversario da súa fundación. Para os que levamos case desde o inicio da mesma, gustaríame destacar a unión de todos os membros e paixón que sempre mostramos pola nosa cultura así como todas as experiencias que vivimos en nesta gran “familia”. Foron moitas as actuacións

e viaxes realizados polo territorio galego, español e europeo ao longo de catro décadas visitando países como Dinamarca, Portugal, Francia, Suíza, Italia, ou Alemaña nos festivais de Europeade, así como cidades españolas en intercambios folclóricos con Murcia, Asturias, León, Burgos, A Coruña, Granada, Valencia, etc. Participamos en concursos de baile como o que organiza Xacarandaina na Coruña e no que acadamos por dúas veces o primeiro posto. Tamén é de destacar un dos nosos maiores logros, como o de sermos os representantes de Galicia no Festival Intercéltico de Lorient no 2018.

Teñen proxectos de futuro?

A curto prazo están as actividades para celebrar, das xa citadas, que se realizan anualmente, e algunha actuación que confirmaremos próximamente e outras que adoitan xurdir durante os meses de verán, e tamén moitas outras nas que estamos a traballar para o vindeiro curso e que sirvan para conmemorar os 40 anos da nosa asociación. E a longo prazo, o principal proxecto é tratar de manter viva a A. C. Saíñas e que a poidamos ver continuar co seu labor de defensa, respecto e difusión da noso patrimonio inmaterial como é o baile e música tradicional.

A comisión de Santo Estevo organiza unha festa o día 13

A comisión de festas de Santo Estevo do Vicedo organiza unha festa polas Letras Galegas que será o venres 13 de maio, unha tarde-noite de música tradicional e cantos de taberna para pasalo moi ben con grupos coñecidos na zona. Nesta festa haberá unha rondalla de música tradicional e cantos de taberna polos bares da vila a cargo do Grupo de Gaitas do Ortegal, Silbarda e Os do 21.

Arredor das 00.00 horas será a quenda do gran sorteo dun vale para dúas persoas no Spa das Sirenas que se celebrará no mesón O Remo e a continuación un xogo de bingo.

As rifas estarán a disposición do público os próximos días na librería Ábrela e o propio día poderanse adquirir á comisión de festas

BILLAR. A comisión de festas de Santo Estevo do Vicedo organiza o primeiro torneo de billar por parella que dará comezo no mes de



xuño.

Para participar será necesario anotarse antes do 20 de maio a través das redes sociais da comisión de festas de Santo Estevo do Vicedo. O prezo por parella é de 20 euros.

A organización informa de que seguirán informando das novidades do torneo e invitan a todos os veciños a participar.

O novo aparcadoiro do Fuciño do Porco entrou en funcionamento

A partires deste Xoves Santo entrará en funcionamento o novo aparcadoiro do Fuciño do Porco. Situado a uns 500 metros do anterior aparcadoiro e con espazo para albergar máis de 100 coches.

Ademais servirá para liberar a estrada de Suegos de tantos vehículos estacionados moitas veces polas cunetas e entorpecendo as actividades diarias dos veciños.

A empresa coruñesa Sergonsa Servicios SL. foi quen realizou esta obra que nun principio estimábase en 180 prazas, “pero co POL, plan de ordenación do litoral, houbo que baixalas”, dixo o rexedor vicedense Jesús Novo.

Así mesmo, a orografía do terreo obrigou a levantar muros, poñer peches perimetrais e barandas, e acondicionar o acceso para o paso



dos vehículos, por iso despois dos traballos de despexe da vexetación baixa como matorrais e dos eucaliptos, moi prolíficos na zona, houbo que achandar o terreo.

Segundo o rexedor estas obras ffixéronse baixo o nome de Aparcamento en Alegrín, e ocupan unha super-

ficie de 5.000 metros cadrados trala compra por parte do Concello dunhas parcelas veciñais.

Este proxecto, que foi licitado por 295.576 euros, finalmente adjudicouse por 260.576 euros, xa que a empresa con sede na Coruña presentou unha baixa de 35.416 euros.

A asociación cabalar Rías Altas organiza unha ruta en xuño

A asociación cabalar Rías Altas do Vicedo invita aos amantes dos cabalos a percorrer as praias do Vicedo o vindeiro 4 de xuño na súa nova edición da ruta.

A saída será a partir das 10.00 horas desde a casa da cultura ou do Mesón O Remo e farase unha parada ás 15.00 horas para o xantar que terá un prezo de 20 euros por comensal e estará amenizado por

un Dúo Musical.

A organización lembra que para anotarse haberá que facelo antes do día 1 de xuño chamando ao teléfono 677 452 735 ou 652 399 628.

O colectivo demostra que a paixón polos equinos, que quedou reflectida en espectáculos coma as rapas das bestas este verán, segue moi viva na Mariña lucense.

O programa Mil Ríos actuará nas ribeiras do río Sor

Vanse investir 475.000 euros no río Sor no marco dunha actuación de restauración ambiental para mellorar a vexetación de ribeira e eliminar especies exóticas invasoras, que prevé tamén a retirada dalgúns elementos obsoletos ao longo dun tramo de 31 quilómetros, unha actuación que se enmarcan no proxecto Mil Ríos.

Os traballos previstos consistirán, por unha banda, en recuperar a vexetación de ribeira mediante a retirada de especies exóticas invasoras —sobre todo acacia negra e xenxibre hawaiano—; e por outra, na eliminación de estruturas obsoletas e peri-

gosas localizadas na canle, concretamente dous telesillas en desuso.

Estas actuacións levaranse a cabo ao longo de 31 quilómetros divididos en varios treitos e abrangerán unha superficie de 32,2 hectáreas pertencentes aos municipios do Vicedo e Oroul, en Lugo, e ao de Mañón, na Coruña.

O Sor serve de fronteira natural entre as provincias da Coruña e Lugo. Tras 49 quilómetros de percorrido, polos que atravesamos os municipios coruñeses das Pontes e Mañón, e os lucenses de Muras, Orol e O Vicedo, desemboca na ría do Barqueiro.

Novas confirmacións para o Festival Aturuxo

A Asociación Cultural Aturuxeiros de Bravos informou das bandas confirmadas para o X Festival Aturuxo que este ano se celebrará o 29 e 30 de xullo.

A primeira delas foi A banda da Loba, un grupo de música galega integrado por cinco mulleres que uniron as súas traxectorias individuais para crear un proxecto colectivo no que mesturando pop, blues, folk, rock e sons tradicionais crean un estilo musical de seu, heteroxéneo e singular.

Os Festicultores Troupe, amosarán o seu show alegre e fresco con moito humor e cheo de positividade. Machina levará a súa música hardcore e metal dende Cerceda a Oroul.

Outro dos espectáculos que estarán nesta gran festa será Pese delán, que mediante a música en vivo e o ensino de bailes e xogos sinxelos ao público, pretende recuperar o espírito participativo das festas e integrar a todas as persoas sen importar a súa idade, condición física ou experiencia.

Peter Punk achegará o seu carácter cómico coa palabra e, por suposto, con todos os aparellos que vai sacando da súa maleta. Un espectáculo sen tregua, cheo



de humor e malabares, no cal a complicidade se mestura coa habilidade na procura da gargallada do público.

Pulpiño Viascón é un polifacético artista que forma parte dos Diplomáticos de Monte Alto. Despois do seu éxito en grupos previos, trae agora unha animación de rúa itinerantes para todos os públicos. Ademais conta cun serrucho máxico e un adorable paxaro títere estarán presentes nun show inesquecible para quen o presencie.

Rebeliom do Inframundo son un grupo de rap en galego con orixe en Pontearreas e con sede en Vigo.

EN BREVE

AMBOSORES. Os veciños da parroquia de Ambosores celebrarán un ano máis a festa en honra á Virxe dá Ascensión. Esta celebración será o 21 e 22 de maio e contará con música e baile para todos os veciños. Os asistentes a estas xornadas de festa poderán participar nos oficios relixiosos que darán comezo o sábado 21 ás 13.30 horas seguido da sesión vermú a cargo do Grupo Alma Latina, que tamén será o encargado de amenizar a gran verbena da noite xunto co Dúo Zafiro. Na xornada do domingo volverá a misa solemne e a sesión vermú nesta ocasión co Trío Mar de Arousa.

THE FOUNDRY. O vindeiro 14 de maio a ferreiría de Bravos ou The Foundry organizará a Festa de San Isidro a partir das 18.00 horas. Este evento ten como obxectivo celebrar a festividade desfrutando dun día en boa compañía, ademais contará con actividades para os máis pequenos, malabares, concertos e sorteos. Esta reunión terá comida, con opción vegana, e bebidas a precia populares, así como contará con acampada e aparcadoiro gratuito. Todos os fondos recadados invertiranse no proxecto The Foundry polo que os asistentes estarán colaborando e contribuíndo nas futuras actividades e eventos.

O Concello quere rehabilitar o PAI e a Cámara Agraria

O Trabada solicita unha subvención ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a través do Programa de impulso á rehabilitación de edificios públicos para as entidades locais (PIREP local), para levar a cabo as obras de renovación da Cámara Agraria e do Punto de Atención á Infancia (PAI).

No edificio do PAI, as obras consistirán na renovación da envolvente térmica, a instalación de iluminación e o cambio de carpinterías exteriores do edificio. Haberá tamén reformas no interior, os aseos, renovación de pavimentos e ampliación das aulas infantís.

No caso da Cámara Agraria, os traballos serán para a mellora da envolvente térmica, substitución da instalación de iluminación e o cambio de carpinterías exteriores do edificio. No interior, instalarase un ascensor, novos aseos para persoas con mobilidade reducida, renovación do pavimento e melloras nas oficinas.

O orzamento conxunto das dúas obras é de 218.936,36 máis IVE, mentres que a axuda solicitada polo concello ascende aos 211.253,40 euros máis IVE.

Esta petición dunha axuda ao goberno central deriva da obriga, por parte do Concello de Trabada, de suspender as obras de eficiencia enerxética previstas na escola infantil e a Cámara Agraria polas deficiencias atopadas e descritas no informe técnico previo á actuación.

Unha vez licitado o contrato, o concello tivo que resolvelo por estas deficiencias atopadas. No caso da Cámara Agraria, non existe forxado de bovedilla e a cuberta está apoiada sobre viguetas.

No PAI, detéctase que debaixo da chapa metálica existe unha chapa de fibrocemento en mal estado e que non hai nin forxado nin estrutura sólida que sosteña a cuberta, é dicir, realizouse unha actuación sobre a cuberta inicial (que era de uralita con amian-

to) e despois colocouse encima unha cobertura de chapa metálica. En vez de retirar previamente a cuberta de uralita con amianto, púxose directamente por encima a chapa metálica.

Adxuntamos fotos onde pode verse a cuberta de uralita que hai por debaixo da cuberta de chapa metálica, a estrutura mediante paus de madeira sen tratar e as tablas sueltas postas por enriba.

Estes defectos ocultos que constan no informe técnico encarceraron o proxecto e non se puido realizar, por iso houbo que renunciar á subvención concedida polo IDAE para esta actuación ao non poder executala.

O Concello non tiña coñecemento destas deficiencias, herdadas do anterior goberno, e unha vez descubertas valoráronse as diferentes opcións para obter financiamento. Por ese motivo, realizouse unha nova memoria para a rehabilitación integral destes edificios a través do PIREP.



“Non foi posible executar a obra co proxecto previsto, polo que renunciamos á subvención, suspendemos o contrato e procedemos a pedir unha nova axuda para facer as cousas ben, xa que

dende logo é a primeira vez que vemos que se renovou unha cuberta sen retirar a vella; estas son as grandes obras do anterior goberno”, explica a alcaldesa, Mayra García Bermúdez.

A localidade contará cun centro social para a terceira idade

Rematado o proxecto para a construción dun centro social da terceira idade na ría de Abres e solicita unha axuda á Xunta de Galicia para a súa posta en marcha.

O pasado mes de marzo, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) asinaron un acordo marco para o desenvolvemento dun Plan de Investimentos para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais públicos municipais con cargo a fondos europeos.

Conclúese no acordo que as actuacións obxecto de financiamento, a través dos correspondentes convenios de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e as entidades locais, serán a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais públicos municipais (centros sociais) para a atención ás persoas maiores e a atención da dependencia.

O Concello de Trabada cumpre todos os requisitos e solicita un investimento de 400.000 euros para o novo centro social. “Levamos anos facendo un esforzo importante para



atender aos nosos maiores como merecen: puxemos en marcha a residencia, duplicamos o número de traballadoras do SAF, facemos actividades nas parroquias de envellecemento activo, e no próximo mes recuperaremos o encontro de maiores”, explica a alcaldesa, Mayra García Bermúdez.

“O centro social será un paso máis, un espazo no que se ofrezan servizos e actividades preventivas para as persoas maiores de Trabada, axudando ademais desta forma ás súas familias”, explica. Con persoal contratado directamen-

te desde o concello prestaranse os servizos de promoción, mantemento e recuperación da autonomía funcional, realizando actividades de estimulación cognitiva e fomento de habilidades sociais, de rehabilitación funcional a través de actividade física, actividades de lecer, charlas, e tamén se realizará o servizo de transporte adaptado a maiores.

Trabada comparte unha característica que é común á gran maioría dos municipios galegos, o alto envellecemento da súa poboación, polo que a súa atención é unha prioridade para o grupo de goberno local.



En marcha o novo servizo de bando móbil

O Concello puxo en marcha e xa está a disposición dos seus veciños e veciñas un novo servizo de información municipal a través do móbil, Trabada Informa.

A partir de agora, todos os bandos, as novas, os anuncios e a información municipal máis relevante do concello poden ser recibidos a través do móbil.

“Un servizo adaptado á realidade na que vivimos, na que as novas tecnoloxías e os móbiles forman parte da nosa vida; con ‘Trabada Informa’ asegurou a alcaldesa, Mayra García Bermúdez, na pre-

sentación da aplicación xunto aos concelleiros Julia María Barcia e Rubén García.

Os veciños cun móbil Android, poden darse de alta descargando en Google Play a app ‘Trabada Informa’ ou mediante o código QR da aplicación, mentres que os que teñen terminal IOS deben buscar ‘bandomovil’ na App Store ou mediante o código QR.

Tamén é posible estar informado a través do correo electrónico (hai que entrar para elo en www.bandoemail.com) ou na web www.bandomovil.com/trabada.

AMARIÑAXA

Para calquera suxestión,
información ou comentario non
dubide en poñerse en contacto con nós.

DEPUTACIÓN

Organizan en maio 16 rutas gratuítas polo patrimonio románico

Arranca a segunda edición do programa de actividades gratuítas que a institución provincial porá en marcha con motivo do Día da Transrománica, que se celebra o 9 de maio.

Tras a boa acollida do pasado ano, a institución decidiu reeditar a iniciativa ampliando a programación de actividades, que nesta ocasión inclúe 16 rutas polo patrimonio románico da provincia durante cinco xornadas: os días 7, 8, 9, 14 e 15 de maio. Cada itinerario conta cun máximo de 25 prazas, polo que no conxunto do programa ofértanse un total de 400 prazas, catro veces máis que a edición pasada. Todas as actividades estarán dirixidas por un guía oficial de turismo.

O presidente subliñou que o ano pasado, “en apenas cinco días es-

gotáronse as 112 prazas ofertadas e moitas das de reserva”, polo que “decidimos reeditar e ampliar esta iniciativa, que forma parte das actividades que poñemos en marcha dende a Deputación de Lugo tras conseguir no ano 2020 o ingreso na Rede Transrománica, recoñecida oficialmente co selo de Itinerario Cultural do Consello de Europa, o que situou ao románico lucense no nivel máis alto de recoñecemento europeo”.

As inscricións poderán facerse na web <http://inscricions.deputacionlugo.org> dende hoxe, ata dous días antes das actividades ou ata completar aforo. Para máis información, as persoas interesadas poden chamar aos teléfonos 982.260.011 e 982.260.234, ou dirixirse ao correo electrónico romanico@deputacionlugo.org.



Volven as actividades de turismo deportivo Actívate

Xa está en marcha a segunda edición do programa Actívate, unha iniciativa a través da que a institución provincial ofrecerá en 26 concellos da provincia durante as fins de semana de abril a xullo actividades gratuítas para todos os públicos vencelladas ao turismo deportivo e de aventura, como sendeirismo, surf, piragüismo, kajak, vela, trekking, escalada ou equitación.

O mandatario provincial estivo acompañado na presentación do acto, celebrado no entorno do río Rato, pola Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, e por alcaldes e alcaldesas de municipios que acollerán estas actividades.

“Esta iniciativa tivo unha gran acollida o ano pasado, na súa primeira edición, durante a que se acabaron as prazas rapidamente”, explicou o presidente, e “estes bos resulta-

dos leváronnos a tomar a decisión de repetir o programa, pero, neste caso, máis amplo, porque pasamos de dous a tres meses de duración, e de organizalo en 18 concellos a facelo en 26”, explicou.

A programación inclúe 26 actividades que se desenvolverán noutros tantos concellos de toda a provincia. Son todas propostas ao aire libre, en plena natureza, como por exemplo, sendeirismo, surf, piragüismo, kajak, vela, trekking, escalada ou equitación. “Estas son só algunhas das alternativas, pero haberá moitas máis, que servirán para desfrutar do noso mar, da montaña, dos nosos sendeiros, dos monumentos e dos ríos dun xeito diferente”, subliñou.

As persoas interesadas en participar poden inscribirse na páxina web <http://inscricions.deputacionlugo.org>. Para máis información, poden

enviar un correo electrónico a activate@deputacionlugo.org ou chamar ao teléfono 982 260 235. As inscricións ás actividades abriranse progresivamente todos os venres, cunha semana de antelación, ata completar o calendario.

Cada unha das actividades ten unha capacidade limitada, pero a maioría será para entre 15 e 20 persoas. Polo tanto, no total do programa ofertaranse preto de 450 prazas. As actividades están pensadas para todo tipo de público, familias e xuventude. Para cada actividade especificarase cales son os requisitos mínimos en función da dificultade, idade máis axeitada ou indumentaria para poder sacar o máximo proveito a cada unha das propostas. En todas e cada unha das actividades haberá un guía ou monitor especializado encargado de dirixir e coordinar o grupo.



Tomé Roca reivindica o papel das deputacións para favorecer unha recuperación sostible

O secretario xeral do PSdeG na provincia de Lugo e presidente da Deputación, José Tomé Roca, participou en Granada na xornada *Gobiernos provinciales en la recuperación*, organizada polo PSOE. Un acto no que participaron entre outros dirixentes a Vicesecretaria Xeral do PSOE, Adriana Lastra, o secretario de Organización, Santos Cerdán, así como alcaldes, presidentes de deputacións e cargos orgánicos a nivel estatal. Tomé Roca incidiu na importancia de promover e de participar neste tipo de encontros políticos “xa que aquí podemos facer unha posta en común da nosa xestión e dos nosos proxectos de futuro, e ao mesmo tempo coñecer outras iniciativas in-

teresantes para a nosa provincia e que se impulsan noutras partes de Estado”, explicou.

Os municipios e a actividade rural, a reforma laboral nos gobernos locais e a xestión dos fondos europeos foron as mesas de traballo en torno ás que xirou o encontro socialista, no que se evidenciou a importancia do traballo das deputacións para favorecer unha recuperación sostible, e para vertebrar e dinamizar un territorio. “Tanto os concellos como as Deputacións son as primeiras entidades ás que se achega o cidadán para obter solucións, por iso é tan importante estar preparado para responder con eficacia, solvencia e axilidade,” sinalou o dirixente.

Abre a inscrición do Reiníciate

A Deputación de Lugo xa ten aberto o prazo de inscrición no programa de formación e emprego de persoas desempregadas de longa duración Reiníciate, encamiña o teu futuro, que impulsa coa colaboración da Escola de Organización Industrial (EOI) co dobre obxectivo de favorecer a inserción laboral deste colectivo e nutrir de man de obra cualificada a sectores con demanda, como o do viño ou o sociosanitario.

O programa, dotado con 355.000€, constará dunha parte de formación gratuítas en aqueles sectores con alta demanda de persoal capacitado, e doutra parte de formación práctica. Ademais, establécense tres zonas de actuación para impartir as formacións, que comezarán a finais de abril: a zona norte (Burela); a zona sur (Monforte de Lemos); e a zona centro (Lugo). Poderán acollerse a

este novo programa un total de 120 persoas, sen límite de idade, que acrediten levar un ano, como mínimo, inscritas no Servizo Público de Emprego.

Todas as persoas participantes acadarán a capacitación básica e clave para acceder a un posto de traballo cualificado, o que permitirá a aquelas que carezan de formación mínima -graduado escolar ou ESO- acceder a capacitacións profesionais. As formacións realizaranse enfocadas a sectores con alta demanda, como a atención sociosanitaria, os idiomas ou a viticultura. Neste último a formación práctica poderá ser en adegas, e, posteriormente, crearanse bolsas de emprego á que empresarios e empresarias poderán acudir para contratar a persoal capacitado. Este novo plan de formación e emprego favorece a inserción laboral

destas persoas, que teñen especiais dificultades para encontrar traballo, e, ao mesmo tempo, facilita que diferentes sectores profesionais poidan nutrirse de man de obra cualificada. Este programa provincial súmase ao Reiníciate: dixitaliza a túa empresa e o Reiníciate: enfoca o teu futuro, ambas iniciativas que a Deputación ten en marcha xunto coa EOI. O primeiro, un programa de formación e de asesoramento personalizado que se ofrece ás empresas da provincia de Lugo de maneira totalmente gratuítas para axudarlles a aproveitar os recursos das novas tecnoloxías para modernizar e mellorar o seu negocio. O segundo, unha iniciativa que ten como obxectivo favorecer a inserción no mercado de traballo da xente nova da provincia dándolle formación gratuítas e prácticas remuneradas en empresas.

Coñece a túa provincia coa Deputación

Preto de 500 veciños e veciñas da Mariña viaxan pola provincia grazas ao programa de impulso turístico



Á esquerda, o asociación de veciños de Alaxe do Valadouro de visita no Mirador do Duque e, á dereita, a asociación de Amas de Casa e de Consumidores de Lugo no Castelo de Alfoz

Preto de 500 veciños e veciñas de 24 de asociacións da Mariña participan na segunda edición do programa de viaxes gratuítas da Deputación de Lugo Coñece a túa provincia, do que se beneficiarán máis de 3.000 persoas de 135 asociacións e colectivos lucenses esta temporada. Ademais, moitos colectivos doutras comarcas escolleron A Mariña como destino para pasar esta xornada redescubriendo os concellos da costa lucense.

Nesta segunda edición os usuarios e usuarias viaxarán en dúas quendas que permitirán coñecer a provincia na primavera, ata o 30 de xuño, e en outono, de setembro a novembro.

Nesta primavera participan colectivos do Valadouro, como a asociación veciñal Penas de San Xoán de Alaxe; tamén de Viveiro, como a asociación de veciños do Casco Antigo; do Vicedo viaxan veciños e veciñas de San Román;

de Oourol, o colectivo Irmáns Vilar de Bravos; de Burela, a asociación recreativa e cultural de apoio ás persoas afectadas de cancro Esperanza; de Riotorto, a asociación de pais de alumnado do colexio, e tamén a veciñanza de San Xosé de Vilaseca; de Alfoz viaxarán os veciños e veciñas de San Mamede das Oiras; de Barreiros participa o colectivo Hijos de San Miguel de Reinante e Mulleres Rurais Tea de Araña; de Cervo, a asociación de amas de casa, consumidores e usuarios Alborada de San Ciprián; e de Lourenzán, a asociación de veciños de San Adriano.

Pola súa banda, no outono percorreren a provincia a veciñanza das asociacións de veciños de Mor e Pena Abaladoira, de Alfoz; usuarios e familias da asociación de axuda ao enfermo mental A Mariña, de Cervo; a asociación amas de casa Virxe do Carme, de Foz; o colectivo de veciños de San

Pedro Fiz da Cazolga, de Lourenzán; a compañía de Las Hijas de la Caridad de S. Vicente de Paúl do centro asistencial San Pablo e San Lázaro, de Mondoñedo; tamén a asociación de veciños de Moudide e a de sendeirismo Paso Miúdo, do Valadouro; Aturuxeiros de Bra-

O programa Coñece a túa provincia beneficiará a 3.000 persoas de 135 asociacións e colectivos lucenses

vos, de Oourol; a asociación A Tribo, de Ribadeo; e as asociacións de Santa Comba de Órrea e Santa Marta de Meilán, de Riotorto. O presidente da Deputación, José

Tomé Roca, destacou que a reedición deste programa, incluído no Plan de Impulso da Economía da Provincia que lanzou a Deputación, "ten como obxectivo seguir favorecendo o coñecemento da provincia entre os propios veciños e veciñas, e apoiar a actividade da hostalería, do turismo e do comercio fronte ao impacto da pandemia, ao tempo que seguimos consolidando un modelo de turismo de calidade, sostible, con capacidade para atraer visitantes ó longo do ano, que pon en valor o patrimonio e que mantén e crea emprego, sobre todo no rural".

A primeira parada de cada viaxe realízase sempre nun espazo de titularidade provincial, como pode ser o Pazo de San Marcos, o Centro de Producción Audiovisual, a Granxa Gayoso Castro, o Centro de Interpretación Terras do Miño ou o Mazo de Santa Comba.

A institución provincial recibiu 170 solicitudes durante o período de inscrición, das que foron admitidas 135 seguindo a orde de inscrición ata completar as prazas dispoñibles, tal e como sinalan as bases. Ademais, aceptáronse 32 entidades que entraron na listaxe de agarda.

O programa Coñece a túa Provincia inclúe, de balde, o transporte para os traslados de ida e volta dende o lugar ou lugares de orixe, póliza de seguros de viaxeiros, menú de xantar, e entradas e visitas a diferentes lugares de interese da provincia de Lugo. Estas visitas serán realizadas por profesionais que contan coa habilitación de guía oficial de turismo de Galicia e polo persoal de atención ao público nos diferentes museos, empresas ou obradoiros sinalados nos itinerarios do programa.



A asociación de veciños de Alaxe do Valadouro e a asociación de Amas de Casa e de Consumidores de Lugo no mirador da Frouxeira

DEPORTES

O CD Alfoz contará con Oke e Bebo no corpo técnico

A directiva do CD Alfoz comunica que Pichi dimitiu como adestrador por motivos persoais e o seu posto será ocupado polo dúo de Oke e Bebo como corpo técnico.

No pasado traballaron no mesmo equipo e desde a directiva “confiamos en que limen os detalles que necesitan os xogadores para conseguir vitorias”.

Por outra banda, informaron tamén das novas incorporacións, Miguel Yanes, natural de Trabada e procedente da Primeira Rexional asturiana e Nicolás López, cedido do S.D. Burela.

Iván Cao deixa o Pescados Rubén Burela FS

O Pescados Rubén Burela informou de que Iván Cao ‘Lucas’ chegaron a un acordo para deixar o banco das Guerreiras Laranxas.

“O esgotamento dunha etapa motivou esta decisión, pero ‘Lucas’ sempre foi e será parte da nosa familia laranxa”, dixeron dende o club.

Cao fíxose coas rendas das Guerreiras Laranxas en agosto do 2021 tras ser o seu primeiro adestrador na tempada 2015-2016. Na súa chegada afrontou o reto de darlle continuidade ao esforzo e traballo que realizan as xogadoras.

A porteira Lola Muñoz proclamouse subcampioa de España infantil

A futbolista Lola Muñoz proclamouse subcampioa xunto coa selección galega no campionato estatal infantil celebrado en Salou. Foi recibida polo alcalde, Alfredo Llano, e o tenente de alcalde, Ramiro Fernández.

Desde o Concello realizaron unha recepción institucional á porteira do Pescados Rubén Burela FS, que con tan só 13 anos, xa destaca no fútbol sala autonómico, sendo “un orgullo para todos nós este logro co que volve a Burela”, afirmou o rexedor.

Na final do campionato fronte á selección catalana, Muñoz tivo unha actuación destacada con Galicia, parando un penalti e recibindo o recoñecemento por parte de dous gardametas referentes no fútbol sala mundial como son Paco Sedano e Luis Amado.

Elena González Rico, do Altrúan, logrou o ouro en infantil B K1



A piragüista do Altrúan de Ribadeo, Elena González Rico, logrou recentemente a medalla de ouro en infantil B en K1, 3.000m, no Campionato Galego de Inverno, e fai tan só uns días, logrou ser segunda na final da categoría B do Campionato de España de Jóvenes

Promesas.

O Campionato Galego de inverno celebrouse en Muíños, Ourense), e a palista fixo unha actuación sobresainente na que completou os 3.000 metros en 15:25.72, case medio minuto menos que as súas compañeiras de podio.

Vanessa Ares comparte triunfos coas guerreiras laranxas



Vanessa Ares, a focense tricampioa galega de Kick boxing e medalla de bronce no campionato de España na categoría de menos de 60 quilos viistou o Vista Alegre co obxectivo de compartir experiencias coas guerreiras laranxas do Pescados Rubén. Aínda que pareza que o seu traballo é moi diferente, as laranxas golpean en cada xornada aos seus rivais na cancha a base de goles, e Vanessa faio no ring mediante golpes.

Vanessa e Pescados Rubén Burela veñen representando ao deporte feminino da comarca nos seus respectivos deportes. E non o representan de maneira calquera, pois son a categoría máxima de fútbol sala e Kick Boxing. Ambas as entidades signifi-

can moito para o deporte mariñán, xa que están a conseguir todos os logros deportivos posibles.

Vanessa ofreceu o seu experto punto de vista sobre cuestións acerca de importancia da dieta e o control do peso, xa que se te pasas un gramo non podes pelexar, tamén mostrou ás xogadoras a importancia do factor mental no seu deporte, pois segundo palabras de Vanessa, é o 90% do éxito.

Desde o club é moi importante apoiar este tipo de deportistas que reflicten a máis alta categoría do deporte feminino de non só a Mariña, senón transcendendo a ámbito nacional e así desexamos que logren os seus obxectivos.

Sumoas acolleu a XI Copa de Bolos de Xove



Este pasado sábado, 2 de abril, desenvolveuse na bolera do centro social de Sumoas, no Concello de Xove, a XI Copa de Bolos, un torneo que non se celebraba dende 2014 e que este ano recuperou o Club de Bolos Xove coa colaboración da Concelleira de Deportes do Concello de Xove. A diferenza da Liga de Bolos do Concello, onde a participación faise a título individual, a Copa celébrase por parellas que é a forma antiga e tradicional de xogar. Destaca tamén que na Copa non hai categorías, xógase mixturado, participando conxuntamente rapaces/as Sub 16, sénior femininos, senior masculinos e seniors maiores de 60 anos. Para constitución das parellas tómase como base a clasificación final da Liga de Bolos, tentándose que as parellas sexan o máis equilibradas posibles.

A competición disputouse por eliminatorias, parella contra parella, habendo octavos, cuartos, semifinais e final e nesta XI edición a organización concedeu trofeos ás 3 parellas primeiro clasificadas.

Os agasallados foron os campións Xeno Salgueiro, de categoría Sub 16, e Rafael González, de categoría senior masculina; os subcampións Carmen Roca, de categoría senior feminina, e Marcelino Rodríguez de categoría senior/maior de 60 anos; e os terceiros foron Julia López, de categoría senior feminina, e José González, de categoría senior/maior de 60 anos.

Os trofeos a estas tres parellas foron entregados pola concelleira de Servizos Sociais Ana Abad e pola concelleira de Medioambiente Cecilia Duarte.

Carabullo dominou o torneo de Muimenta

O campo á beira do río en Ponte de Outeiro quedouse pequeno para acoller a novena xornada da LNB da conferencia NorLeste.

O equipo local de Carabullo trasladou o aberto ao campo de fútbol O Pichón de Muimenta, onde se acadou a marca de participación da tempada, 9 cativos, 17 donas e 65 homes se deron cita (91 palanadores en total) en nobre e deportiva liza. A LNB medra sin parar.

Participou unha boa parte do equipo Campo da Feira de Paosaco, que acadaron o mellor resultado dende que veñen participando na liga e meritoriamente se fixeron co segundo posto da xornada por equipos, por detrás dos anfitrións Carabullo e un punto por diante de Billardeiros Musicais e Troitas Bravas, que compartiron o terceiro posto.

Carabullo consolida a súa primeira posición na xeral por equipos e tamén en individual. Charli quedou segundo nun desempate co seu compañeiro de equipo Javi Morán, mais incrementa a diferenza a sete, oito e nove puntos cos inmediatos seguidores. Félix completou o podio da xornada.

En donas, Irea tamén se fixo co primeiro posto e acurta distancia na xeral con Aroa, segunda e terceira quedaron a propia Aroa e Geni. En infantís dominio de Aroa, Mateu e Diego.

A vindeira xornada xógase en Remouelle o 14 de maio e porá remate a tempada. Como é costume, neste caso os grupos non se farán por sorteo puro senón que se iran formando segundo a clasificación xeral. O grupo dos primeiros clasificados será o derradeiro en xogar.

“O máis importante foi conseguir facer coñecida a ruta”

Pablo Sobrado, presidente do club Os Correcamiños 4x4 de Foz

Os Correcamiños 4x4 son unha asociación deportiva de socios afeccionados ao mundo do motor 4x4. e son organizadores da Rota Montes da Mariña na que xa levan dezaseis edicións.

Quen se atopa á fronte de Correcamiños 4x4 Foz?

Somos unha directiva que consta de 8 membros e como presidente atópome eu, Pablo Sobrado.

Cantos membros son na asociación?

Contamos con 75 socios de Galicia e Asturias. Ademais en toda a comarca e na provincia hai varios clubs como o noso.

Dende que ano está formada a asociación?

Os Correcamiños 4x4 levamos 19 anos quecendo motores dende Foz. Foi no 2003 cando comezamos esta aventura.



Arriba, membros do club e, abaixo, circuito onde a fábrica de ladrillo de Pardiñas



Que actividades fan?

Unha vez ao ano organizamos a Rota dos Montes da Mariña na que en anteriores ocasións participaron uns 500 vehículos e este ano 2022 será a XVII edición. Esta proba durará desde o venres pola tarde ata o domingo pola tarde.

Por onde discorre?

A ruta discorre por varios montes da Mariña aínda que o epicentro do evento está situado en Foz. Percorre montes e estradas que a xente di que destacan pola súa beleza e conta con tramos espectaculares, trialeiras técnicas que non todo o mundo supera coa mesma soltura, cortafogos máis e menos empinados, tramos de subida moi rotos e moi longos.

Participan só veciños da Mariña?

Non, sempre vén xente de fóra. Desde Portugal, Asturias, Cantabria, Castela e León ou Madrid.

Por que ese nome tan curioso?

Non foi por nada especial, senón unha idea que xurdiu dunha reunión de catro amigos que xa formábase parte do club.

Que aporta Correcamiños á vida cultural focega?

O que aporta sobre todo é o aumento do turismo no relacionado con este sector xa que moita xente chega á vila durante a fin de semana que organizamos a ruta. So de persoas inscritas xa somos 1000, mais a xente que ven ver ás carreiras especiais.

Contan con apoio municipal para as actividades?

Claro. Para manter o club, para facer as actividades, etc. Tamén para a organización da Rota Montes da Mariña temos algo de axuda do Concello.

Que necesidades ten a asociación?

A verdade é que somos bastante autosuficientes e cada socio pon o seu grao de area.

Que é o máis importante que conseguiu a asociación?

Creo que o máis importante que conseguimos foi facer coñecida a ruta en toda España. Está considerada como unha das máis importantes e é todo un referente no Norte peninsular.

Que tipo de vehículos se utilizan nas rutas?

Para participar neste tipo de eventos é necesario contar cun vehículo especializado como motos de enduro, quads e vehículos todoterreo.

Cal foi ou lembran a máis divertida?

As 16 edicións foron moi divertidas e todas elas teñen momentos diferentes e moi alegres.

Participan noutros eventos deste tipo?

Por suposto, o club vai a outras rutas organizadas por Galicia, Asturias, León, Portugal,... procuramos ir a todas as que podemos.

Chega o tempo de correr pola Mariña

Como sucede co resto de actividades, reanúndanse na Mariña moitas das citas deportivas anuais da comarca

AS MIÑAS DA PONTENOVA. A Asociación As Minas da Pontenova e o Concello organizan a I Media Maratón das Minas de A Pontenova, unha proba que se celebrará o domingo 29 de maio de 2022.

Para participar será necesaria a previa inscrición, que ten un prezo de 15 euros, e xa está aberta. Para máis información haberá que consultar a web de carreiras galegas. A proba transcorrerá pola zona das antigüas minas. A saída e meta será na praza dos Fornos e será saída ás 10.00 horas e constará de 21 quilómetros aproximados e percorrerá camiños de terra e pistas, e estará pechado a todos os vehículos excepto os autorizados pola organización.

MEDIA MARATÓN. A VIII Media Maratón Ribadeo-As Catedrais celebrase o 17 de setembro discorrendo por un lugar do máis fermoso tanto de Galicia como de todo o Cantábrico e de todo o Estado.

Así, centos de persoas visitarán como cada ano esta media maratón entre Ribadeo e As Catedrais na que den-



de o Concello confían que o volvan facer para esta nova edición, “contamos con moitos colaboradores que co seu apoio fan que sexa unha das carreiras con máis boas críticas, en canto a organización, a intendencia e a que os obstáculos difíciles destes 22 quilómetros se fan moito máis levadíos co apoio de toda esta xente”. As inscricións vanse abrir a partir deste mércores, día 4, desde as cinco da tarde. Para os 100 primeiros serán 5 euros, despois dos cen primeiros a partir do 17 de maio

serán 6 euros, do 18 de maio ao 25 de xullo serán 7 euros, a partir do 26 de xullo ata o 15 de agosto serán 8 euros, e do 16 de agosto ao 13 de setembro, 9 euros. Creemos que son prezos módicos, atractivos para todo o mundo que queira participar e competir dentro do que poidan. Esperemos que a máscara se quite, que non teñamos que volver a ela e que todo o mundo poida disfrutar desta proba única”.

VEGADEO SPORT FESTIVAL. Os concellos de Trabada e Vegadeo únense na nova carreira dentro da II Edición de Vegadeo Sport Festival que terá lugar os días 2 e 3 de xullo de 2022 centrando a zona de saída e meta nas inmediacións do Concello de Vegadeo e de Trabada respectivamente.

Os runners terán a oportunidade de defender as súas cores e ondear a bandeira da súa terra na liña de meta pois contan coa modalidade I Desafío Primos Irmáns.

Ademais, contará con dúas modalidades máis, Ocrá A Veiga, que será



o sábado 2 ás 17.00 horas, e é unha carreira de obstáculos pertencente á liga Ocrá Norte nun circuito de aproximadamente 8 quilómetros de montaña, ríos e parques. E o Trail Vegadeo-Trabada, unha carreira de montaña de 22 quilómetros aproximadamente de percorrido que une as dúas localidades por tramos do Camiño de Santiago e carreiros próximos a este.

Na II Edición de Vegadeo Sport Festival, segundo o número de partici-

pación, as saídas serán graduadas por quendas e asignaranse segundo os criterios da súa modalidade. Para o Ocrá a primeira quenda Élite Ocrá Norte e a segunda quenda para galegos Vs asturianos. Despois será a saída do Trail

Para realizar a inscrición deberase realizar no apartado de inscricións da web oficial www.nortea.es. O prazo de inscrición será ata a semana previa a cada evento ou ben ata que se complete o nº de prazas dispoñibles, a partir de cuxo momento se procederá á apertura dunha Lista de Espera.

EN MARCHA FOZ. A Asociación Española Contra o Cancro en Lugo celebra o 20 de maio, ás 19.00 horas desde o Porto de Foz a súa carreira En Marcha Contra o Cancro. Esta actividade lúdico-deportiva transcorrerá polo paseo marítimo dende o Porto ata a praia de Llas e volver. Para participar será necesario inscribirse chamando ao teléfono 658 872 196 ou mandas un email a lugo@contraelcancer.es.

COLABORACIÓN

É mellor morrer

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

A costumamos a pensarnos inmortalis, perdemos os estribos en moreas de batallas que nos acaen moi grandes.

Loitamos ás veces contra imposibles sen decatarnos de que todo vai a quedar aquí. Apuramos tanto por chegar a algures que nos esquecemos polo camiño do que somos, e sobre todo, de onde vivimos. Tendo todo o ceo para voar e namoramos dunha xaula.

Millóns de litixios separan irmáns por herdanzas que foron o sacrificio duns pais aos que nin mortos deixan

descansar. Nesta era de brevidade, querémolo todo sen que nos custe nada. E así nos vai de mal. A miña relación coa morte non sempre foi tan traumática como o é agora, nin con moito. Coido que ás veces retrocedemos, pero iso tamén nos fai humanos.

Sara non tivo fillos, era a miña veciña da taberna, cruzaba o pontigo e estaba na súa fermosa casa de pedra. Picos, o seu home, coidaba a finca con mimo e só había un momento do ano no que non estaba todo o pulcra e impecable esa eira que rodeaba a casa, cando traían os loros os madrileños. Case sen decatarme, entrei con ela por vez primeira nun camposanto, polo menos a primeira vez que entrei de maneira consciente. Esa era un tema tabú para a ra-

pazada, e penso que o sigue sendo. Se a millor maneira de abordar un problema pasa por normalizalo, cos nenos historicamente fixemos o contrario. Eu sabía da morte, sen metáforas nin alegorías, xa a vira nos ollos de meus tíos cada vez que se nombraba a R., xa daquela na miña mesa sobrava un plato, ou visto desde outra perspectiva, faltaba unha cadeira. Sara, a pesares de non ter fillos, estou segura de que sería unha boa nai. Non lembro que ninguén lle preguntase o motivo polo que non o foi, e tampouco me interesou nunca se nos os tivo porque non puido ou porque non quixo. Vedes como retrocedemos, agora sería foco de murmuros de miradas de soslaio, se ben é certo que a Sara probablemente lle dese o mesmo. Con ela entrei no ce-

miterio cunha brazada de flores que acomodou con agarimo na soleira dun nicho. Foi alí cando souben onde estabamos, poñéndolle flores a un sobriño falecido moi novo. Normalizou a situación ata tal punto que para nada me resultou traumático, mesmo sendo unha meniña. Daquela entendín tamén a frase que lle repetía á miña nai cada vez que voltaba para casa co almorzo comido, "anda muller, déixame a min a nena, tamén vai ser ela a que me leve flores a Penas Agudas". Por certo, tarefa pendente.

Agora lidio coa morte dun xeito moito máis traumático e non che quero nin contar coa ausencia. Aprender a vivir sen alguén coido agora que é dos traballos máis duros que se nos encomendou como seres sentintes.

Pese a isto, cómpre recordar que como dicía o capador: morrer hai que morrer, chiniño.

Máis alá de todo o que imos deixar como legado material, penso na pegada que deixamos nos demais, como os fixemos sentir. Non sei se é teima miña, pero procuro gardar no maxín aquilo que distinguía aos que xa non nos acompañan aquí. Anisia empregaba panos de tea, Picos sempre levaba chaleco, o avó de H. empregaba cartas da baralla para distinguir as chaves. Habrá alguén que recorde algunha manía miña cando xa non esté? Cal será? Mentras e non, trato de vivir coa máxima de que aquilo polo que merece a pena vivir non acostuma a coincidir con aquilo polo que com- pensa padecer.

ReferentAS

CULTURA E MÚSICA



Rebeca Maseda

Raquel e Marta. Dous nomes. Dous nomes de muller. Dous fermosos nomes de muller. Dúas mulleres moi especiais. Dúas mulleres artistas.

Cando era tan só unha cativa – igual que tantas e tantos nenas e nenos- pensaba, "eu quero ser como...". Empecei a tocar o violín con oito anos e lembro perfectamente como admiraba –e admiro- a tantos grandísimos violinistas: David Oistrakh, Itzhak Perlman, Jascha Heifetz, etc. Por aquel entón non tiña en mente moitos nomes de muller, posiblemente a máis famosa fora a violinista alemá Anne-Sophie Mutter, unha auténtica estrela! Afortunadamente a día de hoxe podería nomear moitísimas máis: Janine Jansen, Lisa Batiashvili, Hilary Hahn, Arabella Steinbacher, Isabelle Faust, Julia Fisher, Vilde Frang, María Dueñas, Leticia Moreno... Todas elas excelentes violinistas, grandes artistas que admiro e, sen dúbida, persoas de referencia.

Penso que é de vital importancia ter referentes ao longo da vida, especialmente na etapa de formación, fase que para ben ser, xamais remata na vida dun músico. Como vos dicía, podería enumerar unha longa lista de



nomes de persoas ás que admiro profundamente, algunhas máis lonxe, outras que teño o pracer de coñecer en persoa. Concretamente quixera falarvos dunha muller que, por fortuna, se atopa neste último grupo: Raquel Areal Martínez (Tui, 1999). Unha excelente violinista, unha artista con maiúsculas, unha persoa marabillosa. Sí, un referente, e ademais, de aquí ao lado! Hai unhas semanas tiven o pracer de poder escoitala xunto á Orquestra Nova da Sinfónica de Galicia, interpretando o Concerto para violín en Re M, op. 35 de P.I.Tchaikovsky. Foi absolutamente xenial! Unha mestura perfecta de lirismo e virtuosismo aliñada co ingrediente máis importante para min, un compromiso total coa música, coa partitura e co público. Xamais deixará de fascinar-me

a xenerosidade das e dos grandes artistas sobre o escenario, esa entrega absoluta que non se paga con diñeiro. Un regalo para calquera ouvinte con interese. Así que, moitísimas grazas Raquel, porque insisto, é moi importante ter referentes e ti es, sen dúbida, fonte de inspiración para moitas nenas e nenos, e non tan nenos... Seguindo con persoas de referencia, aquí vai outro nome propio que me fascina: Marta Pazos (Pontevedra, 1976). Directora de escena, escenógrafa, actriz, unha creadora xenial. Se penso na súa obra, hai centos de palabras e ideas que se me veñen á cabeza, pero hai unha que berra con máis forza: fantasía. Fantasía pura e infinita impregna a obra desta artista, da que recentemente tiven a sorte de desfrutar no Salón Teatro de Santiago de Compostela con "Ás oito da tarde cando morren as nais": "un canto coral sustentado no baleiro, un xogo irónico sobre a relación entre o teatro e a súa recepción. Aquí, a procura da identidade individual, amparada na masa superficial e ignorante, que presume de coñecementos inútiles, amósase indecente. Nun teatro, lugar (supostamente) de encontro, asistimos ao espectáculo da estupidez. E debaixo de todo o insultante: nós. Tan pequeniños, tan perigosos...". Música, danza, flores, cores, todo é vermello, todo é verde, todo é

beleza. Encántame a sensación de mergullarte nunha especie de universo paralelo onde todo é posible: persoas de pernas infinitas que camiñan polas nubes, actrices e actores que de repente son público, público que de súpeto salta ao escenario; todo está do dereito e do revés ao mesmo tempo, nunha orde máxica. Magnífica obra de teatro onde

o texto de Avelina Pérez e a dramaturxia de Marta Pazos forman un tándem perfecto, completado ademais por un excelente elenco de actrices e actores que non nos deixan de sorprender con cada frase, con cada movemento. Tomade nota, Raquel Areal e Marta Pazos, dúas pontevedresas que inspiran, dúas mulleres de referencia.

O RECUNCHO DE CANELINA



O móbil nos centros educativos

O PUPITRE



Julio Díaz

España é o país con máis adicción adolescente ao teléfono móbil, cifrándose nun 21,3%, namentres a media europea se sitúa nun 12,7%. O 90% dos adolescentes de máis de catorce anos ten móbil, sendo a media de idade de inicio no seu uso de oito anos, o que demostra que cada vez máis, e a máis tempranas idades, os xoves están expostos ós perigos do uso de internet e o conxunto de riscos que conleva a utilización das novas tecnoloxías.

Todos/as sabemos que a preadolescencia e a adolescencia é un período onde os rapaces son especialmente susceptibles aos cambios e polo tanto máis vulnerables e con moitas máis posibilidades de adicción.

A prevención, como en outros moitos ámbitos da vida, resulta de vital importancia para unha loita efectiva contra o mal uso do teléfono móbil. É importante que tanto docentes como pais saibamos advertir pautas de conducta como poden ser cam-

bios de estados de ánimo, enfado continuo cando se poñen normas no uso dos videoxogos e do móbil, o seu uso a horas intenses na cama, no cuarto, no baño...a baixada do rendemento escolar, o illamento dos amigos, o abandono de outras actividades. Se non se é

noloxías.

Dito isto, o móbil é unha ferramenta imprescindible na vida dos nosos alumnos polo que non introducilo no proceso de ensinanza-aprendizaxe sería impensable, xa que o seu uso dentro da aula con fins didácticos, incentiva a creatividade,



capaz de atallar estas actitudes, as consecuencias poden ser imprevisibles derivando incluso en "nomofobia" ou medo irracional a estar sen o móbil, a non poder utilizalo e incluso "tecnofilia" ou dependencia das novas tec-

a imaxinación e a conectividade. Eu estou a favor do uso dos terminais na aula porque é una ferramenta didáctica máis, que potencia a autonomía e a iniciativa persoal do alumnado e que nos permite traballar calquera

asignatura de forma dinámica e atractiva para o noso alumnado. Temos que aproveitar esta ferramenta cos alumnos/as de tal maneira que enriquezamos o proceso de aprendizaxe cun dispositivo co que os rapaces están totalmente familiarizados.

As vantaxes do uso do móbil como unha potente ferramenta de aprendizaxe son moitas: posibilidade dunha mellor organización, comunicar e traballar colaborativamente co resto da comunidade educativa, aprender mediante múltiples e variables aplicacións moitas das cales se crean só para o ámbito educativo.

O éxito da aprendizaxe co móbil vai depender da nosa capacidade para aproveitar ao máximo as súas vantaxes pedagóxicas polo que a capacitación técnica e pedagóxica do seu uso e de vital importancia, explorar aplicacións educativas e, ademais compartir as boas prácticas para que poidan ser adaptadas e melloradas en todos os contextos educativos.

Dicir tamén que ten as súas desvantaxas, entre as que destacar, o seu uso inadecuado, as distraccións, acoso a outros alumnos, grabacións...pero nos como docentes sempre temos recur-

sos que nos permiten regularlo para dar un axeitado emprego do mesmo. Para acadar un uso exclusivamente educativo e produtivo, e que non sexa una perda de tempo, debemos establecer unhas normas que especifiquen cando imos usar os nosos terminais e con que finalidade.

Xa para rematar gustárame facelo cun decálogo do que eu considero un bo uso do teléfono móbil baseado en oito sinxelas recomendacións:

- Non utilices o móbil na clase agás cando o autorice o teu profesor/a.
- Non grabes nen fotografías a ninguén sen o seu consentemento.
- Non ridiculices a profesores/as ou compañeiros/as.
- Non difundas imaxes íntimas ou ofensivas.
- Non sexas cómplice de situacións de acoso.
- Non aceptes a calquera nas túas redes sociais.
- Non creas todo o que chega.
- Sé crítico e reflexivo.
- Adica menos tempo ao móbil e ás redes sociais e máis as relacións persoais.

TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ
 Concello: 982 55 80 01
 Garda Civil: 982 57 40 30
 Centro de Saúde: 982 55 86 97

BARREIROS
 Concello: 982 12 40 02
 Garda Civil: 982 12 41 94
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

BURELA
 Concello: 982 58 60 00
 Policía Local: 982 58 62 11
 Garda Civil: 982 58 57 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29
 Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00
 Capitanía Marítima: 982 57 51 53

CERVO
 Concello: 982 55 77 77
 Policía Local: 615 52 10 52
 Garda Civil: 982 58 57 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

FOZ
 Concello: 982 14 00 27
 Policía Local: 982 13 36 40
 Garda Civil: 982 14 04 44
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85
 Agencia Tributaria: 982 13 35 12

LOURENZÁ
 Concello: 982 12 10 06
 Garda Civil: 982 52 19 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

MONDOÑEDO
 Concello: 982 52 40 03
 Policía Local: 982 50 70 40
 Garda Civil: 982 52 19 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

OUIROL
 Concello: 982 55 91 09
 Garda Civil: 982 56 10 39
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

PONTENOVA, A
 Concello: 982 34 22 77
 Garda Civil: 982 34 22 22
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

RIBADEO
 Concello: 982 12 86 50
 Policía Local: 982 12 86 50
 Garda Civil: 982 12 80 48
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

RIORTORTO
 Concello: 982 34 62 22
 Garda Civil: 982 34 22 22
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

TRABADA
 Concello: 982 13 50 11
 Garda Civil: 982 34 22 22
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

VALADOURO, O
 Concello: 982 57 40 00
 Garda Civil: 982 57 40 30
 Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

VICEDO, O
 Concello: 982 59 00 02
 Garda Civil: 982 59 01 81
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

VIVEIRO
 Concello: 982 56 01 28
 Policía Local: 982 56 29 22
 Policía Nacional: 982 56 17 11
 Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62
 Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

XOVE
 Concello: 982 59 20 01
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112

Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085

Garda Civil: 062



Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PRENSA DA MARIÑA S.L.
 Dirección: Diego E. García Puente
 Teléfono: 661 464 323
 E-mail: redaccion@amariñaxa.com
 Impresión: Tameiga Publicacións SL
 Dep. Legal: LU 5-2019
 ISSN 2660-4493

Teléfono 661 464 323

redaccion@amariñaxa.com

MAR

A campaña 'Amor al Mar', da OPP Burela, foi premiada nos Best!NFood

Os Best!NFood, antigos Best Awards, son os únicos premios de márketing alimentario que se conceden en España e son convocados anualmente polas revistas IPMARK e DARetail e por Best Awards, da man da feira Alimentaria.

O xurado dos premios da publicidade alimentaria, integrado por 30 profesionais de primeiras marcas e axencias, concedeu á campaña *Amor al Mar* o bronce na categoría Best Brand Experience pola estratexia na que PESCADA D& BURELA levou ás aulas universitarias de Madrid con mensaxes en máis de 250 lousas, creando un novo soporte para chegar a un público moi concreto: os mozos.

Un audiovisual para dixital cunha versión actualizada do mítico tema do grupo Camela, "Cuando zarpa el amor", e unha coreografía para TikTok da man de Paula@blondiemuser completaron esta acción recoñecida polos membros do xurado. Este premio é o recoñecemento non só a unha acción concreta levada a cabo durante o ano 2021, senón tamén á traxectoria de comunicación lanzada desde a OPP-7 Burela para potenciar a marca "MERLUZA D& BURELA" situando a súa imaxe á altura do seu posicionamento real: Burela é a primeira lonxa de España en venda de pescada do pincho.

O BNG pide á Xunta máis axudas propias ao sector pesqueiro

O BNG acadou o acordo do Pleno do Parlamento para que a Xunta complementa con axudas propias as aprobadas polo Estado para o sector pesqueiro para minimizar as consecuencias derivadas da crise actual, así como que axilice de maneira urxente a exoneración das taxas portuarias por servizos administrativos, profesionais e por utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público galego mentres se mantén a excepción da situación inflacionista.

De igual xeito, insta ao Executivo galego a demandar do central un paquete de medidas adicionais, entre elas: a rebaixa do IVE dos produtos do mar ao tipo superreducido do 4% de forma permanente; a exención temporal das cotizacións á Seguridade Social como do pago de todas as taxas portuarias que se aplican ás distintas frota nos portos do Estado.

Expomar convoca as xornadas técnicas para o 19 e 20 de maio

A Fundación Expomar celebrará unha nova edición das súas Xornadas Técnicas e Encontro Empresarial entre 19 e 20 de maio de novo nun escenario marcado polas dificultades e desafíos que ten que afrontar o sector pesqueiro nunha época de diferentes crises que lle afectan directamente.

O foro será como sempre aberto ao público no salón de actos da confraría de pescadores de Burela e terá lugar entre as 16.30 e as 19.30 do xoves 19 de maio e as 10.30 e as 13.30 do venres 20. As xornadas tamén se poderán seguir a través dunha plataforma en liña desde a web www.expomar.com.

As Xornadas Técnicas 2022 contarán coa participación da conselleira do mar da Xunta de Galicia, Rosa Quintana, que inaugurará o evento acompañada polo presidente da Fundación Expomar e alcalde de Burela, Alfredo Llano.

A primeira xornada titúlase Xestión pesqueira e mercado europeo e contará coas intervencións de Ja-



vier Garat, secretario xeral de CEPESCA e presidente de Europêche; Ignacio Gandarias Serrano, director xeral de Ordenación Pesqueira e Acuicultura do MAPA; Daniel Voces, director de Europêche; Pedro Reis, secretario do Consello Consultivo de Mercados MAC. Esta primeira sesión estará moderada polo secretario xeral do Comité Consultivo de Pesca de Augas Afastadas LDAC, Álex Rodríguez.

A segunda xornada celébrase baixo o título Sustentabilidade, saúde e comportamentos de compra e con-

tará coas intervencións de Cristina Cucullo, mánager da área de consumidor de KANTAR; Gumersindo Feijoo, vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación da Universidade de Santiago de Compostela; e Guillermo Aldama, cardiólogo do CHUAC, membro da Sociedade Española de Cardiología e da Fundación Española do Corazón. Esta segunda sesión estará dirixida pola secretaria adxunta de Cepesca, Rocío Béjar. A clausura das Xornadas Técnicas 2022 correrá a cargo da secretaria xeral de pesca marítima do Minis-

terio de Agricultura, Pesca e Alimentación, Alicia Villauriz.

ENCANTO EMPRESARIAL. Pola súa banda, e previamente á celebración das Xornadas, o xoves 19 de maio pola mañá celebrarase o XXIII Encontro Empresarial de Organizacións Pesqueiras, que reúne cada ano ás entidades máis representativas da frota galega e ás asociacións profesionais do sector pesqueiro a nivel nacional.

A reunión dos representantes da frota volverá celebrarse de maneira presencial, esta vez na sala de reunións do restaurante A Lonxa con vistas cara ao porto de Burela, entre as 10:00 h e as 14:00 h. Ao finalizar o evento, como cada ano, faranse públicas as conclusións tomadas durante a reunión.

A Fundación Expomar aposta decididamente polo mar non só coa celebración das xornadas técnicas ou o encontro empresarial, senón con outra serie de accións de apoio ao sector pesqueiro. Estes últimos anos dirixíronse especialmente cara ao ámbito da saúde e o consumo de peixe, por exemplo as xornadas sobre nutrición "Come San, Come Peixe" en decembro de 2021 ou as xornadas de nutrición e saúde mental "Mens Sa in Corpore San", en abril de 2022.

"Burela convértese no principal foro de debate europeo"

José Manuel González López, xerente da Fundación Expomar

Que supoñen para Burela as Xornadas Técnicas e o Encontro Empresarial?

Tendo en conta que xa levamos 28 anos facendo as XXTT e 23 facendo o Encontro Empresarial podemos darnos conta da importancia que teñen para Burela os dous eventos. Són dous días onde Burela se converte no principal foro de debate europeo e estatal do sector, esto xa supón unha importante repercusión mediática e polo tanto de promoción e valorización do noso sector pesqueiro, do porto e da localidade.

Despois de toda a pandemia e de facer as Xornadas e o Encontro de maneira telemática, como serán este ano?

Pois por fin este ano retomaremos o impulso que tivemos en 2019 e se veu frenado pola pandemia. Volveremos a facer os dous eventos de maneira presencial, aínda que as Xornadas tamén se poderán seguir por distintos canles de internet. Queremos facilitar que participe xente que non poida estar presencialmente, a intención é superar os 178

inscritos da última xornada. O Encontro como sempre sera pechado ás organizacións invitadas e despois faranse públicas as conclusións. Este ano o Encontro celebrarase o Xoves 19 pola mañá nas instalacións de Absa e as XXTT xoves pola tarde e Venres a mañá na Cofradía de Pescadores

Pode explicar un pouco o contido do programa?

O Comité organizador decidiu tratar dous temas de máximo interese para o sector. Por un lado a Xestión Pesqueira e o Mercado Europeo, na que contaremos con importantes representantes de organismos de pesca tanto europeos como estatais e autonómicos. E por outro lado falarase de Sustentabilidade, saúde e comportamentos de compra, onde participarán expertos en estudos de consumo, en transformación dixital e innovación e profesionais da sanidade e alimentación. Para a inauguración do xoves contaremos coa presenza da Conselleira do Mar, Rosa Quintana, e para a clausura do venres estará a secretaria xeral de

Pesca do Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación, Alicia Villauriz. **Haberá unha nova edición de Produart?**

Dende a Fundación Expomar estamos traballando coa intención de facer a XX edición de Produart no primeiro fin de semana de agosto coincidindo con a Feira do Bonito. De feito xa temos contacto con expositores de outros anos e tamén con novos. Agardamos que este ano se poida celebrar xa en condicións normais a Feira do Bonito, declarada de Interés Turístico Nacional. Intentaremos superar os 51 expositores da última edición, e será unha vez máis unha Feira de Productos ecolóxicos e artesanais. Imos intentar que os produtores e artesanos comarcais teñan unha maior presenza.

En que momento se atopa a Fundación Expomar?

Imos retomando a nosa actividade normal. E poido dicir que é un momento ilusionante. Fai pouco incorporamos ao Patronato da Fundación a Organización de Produtores Pesqueiros de Burela e estamos en



contacto con outras entidades e institucións para a súa incorporación. Grazas ao Galp Mariña Ortegal participamos en varios proxectos, en formación, en promoción e divulgación do sector náutico pesqueiro; fixemos Xornadas de Nutrición, editamos un libro e caderno de actividades de Os Bolechas para achegar aos máis pequenos o mar. Temos unha importante colaboración da Consellería do Mar e da Deputación. Participamos con outras entidades e institucións de toda España na presentación ante o Ministerio de Industria Comercio e Turismo dun Proxecto de Turismo Mariñeiro. E estivemos presentes en Sinalval de Bilbao e estaremos en Navalía de Vigo. E dende logo estamos traballando na celebración da Feira de 2023.

“Comezamos a poñer enriba da mesa os problemas das mulleres na pesca”

Rita Míguez de la Iglesia, presidenta de Anmupesca

A Asociación Nacional de Mulleres da Pesca ou Anmupesca é unha entidade sen ánimo de lucro constituída en 2016 que visibiliza ás mulleres profesionais do mar, reforzando o seu empoderamento, contribuíndo ao aumento do recoñecemento e promove unha sociedade máis igualitaria e integradora en canto a igualdade de xénero.

Como xurdiu Anmupesca?

Anmupesca xurdiu da necesidade de visibilizar e darlle valor ao traballo das mulleres no sector das pesca. Durante moito tempo, as mulleres na pesca desenvolvían un papel secundario, invisibilizado pola sempre presente figura masculina do mariñeiro ou armador. Sen embargo, o papel de mariscadoras, redeiras, percebeiras, pescantinas e máis recentemente biólogas, armadoras e xestoras administrativas foi sempre fundamental para o desenvolvemento da economía deste sector. Anmupesca naceu en maio de 2016 e nela congregámonos 12.000 mulleres de perfís profesionais tan diferentes como redeiras, mariscadoras, percebeiras, bateiras, armadoras, pescantinas, etc pero todas con problemas comúns como son enfermidades profesionais, deficiencias na cobertura social, falta de presenza nos órganos de toma de decisións, etc. e por isto estamos loitando e plantexando todos estes problemas onde podemos estar.

Cantos membros son?

Na actualidade sumamos ao redor de 12.000 socias e estamos presentes en Galicia, Asturias, Cantabria, Comunidade Valenciana, Andalucía e Madrid.

Teñen asociacións da Mariña lucense?

Temos a Asociación de Redeiras Cabo Burela que forma parte da nosa entidade.

Engloban todos os sectores, percebeiras, redeiras, mariñeiras...?

Efectivamente. Este é un tema do que nos sentimos especialmente orgullosos xa que logramos alcanzar a unidade de todos estes perfís profesionais e outros moitos como bateiras, pescantinas, comercializadoras, biólogas, administrativas, profesionais do mundo da acuicultura, etc, ao redor de problemas comúns, cuxa solución nos permitiría avanzar nunha mellora cualitativa das nosas condicións de traballo.

Que actividades fan?

Desde xornadas informativas en xestión de economías profesionais, en novas propostas do sector Pesqueiro como poden ser OPP, cursos de formación en distintas



Arriba, Rita, e abaixo, un encontro mantido con redeiras. Fotografía de Óscar Vifer

profesións da pesca, en novas tecnoloxías, foros de discusión sobre os problemas das nosas profesións, convivencias de mulleres da pesca, xornadas de liderado e empoderamento, talleres de sensibilización coas nosas profesións para garantir a muda xeracional, exposicións e mostras das nosas profesións, etc.

Hai moita desigualdade entre mulleres e homes na pesca?

Si pero non menos que en outros sectores. A desigualdade por razón de xénero é algo que é común a sociedade que nos toca vivir, sexa en maior ou en menor grao e sobre todo naqueles sectores masculinizados de sempre. Ata hai pouco a ninguén se lle ocorría pensar nunha muller cando se aludía ao mundo do mar. As condicións laborais teñen mudado máis para os homes que para as mulleres, nós seguimos traballando cos aparellos das nosas avoas ou de antes das nosas avoas, ninguén se preocupou por buscar alternativas máis ergonómicas e saudables. As nosas enfermidades profesionais redúcense a dúas ou tres segundo sexan as nosas profesións, cando o número de baixas por enfermidades común son miles repetíndose patróns de dores musculoesqueléticas derivadas das nosas posturas no traballo e sen embargo non se nos recoñecen como tales. E así podemos se-

guir cun longo etcétera.

Que necesidades teñen na asociación?

Necesitamos sobre todo estudos con datos estatísticos sobre a presenza das mulleres no sector, de cal é a nosa contribución en datos económicos ao desenvolvemento do mesmo, de onde estamos e como estamos nos órganos de toma de decisión, que son mínimos,... Necesitamos estar representadas nestes órganos por nós mesmas e non a través de instrumentos que non nos permiten elevar a nosa voz e polo tanto a nosa experiencia e consecuentemente seguir invisibilizadas nas políticas e accións que de verdade nos afectan como traballadoras.

Que respaldo teñen das administracións

A Administración entende e comparte as nosas necesidades pero a maquinaria é lenta e os recursos son reducidos.

De que logros, dos conseguidos, se sinten máis orgullosas?

Desde logo a visibilización dos nosos colectivos profesionais e que empezamos a poñer enriba da mesa problemas e demandas das mulleres da pesca. Pode que de momento non se nos propoñan moitas solucións ás mesmas pero estamos nas axendas das políticas en materia de pesca que se abordan e por algo temos que empezar.

PASATEMPOS

Fácil

		6	7		4	2		
		4		5	2	8		6
					6		4	3
	6	2	4					
	4		3	6				
					5		8	
6		8	5			4		9
3	5	9				7	6	
		7		2		5		

Difícil

		3	8				7	6	
2			4						
				5			2	4	8
4	9				8			5	3
			6	4	5	2			
					3	6			5
7	2	3					4		
	5					7	3		2

SOLUCIÓNS

4	1	7	8	2	9	5	3	8
3	5	8	4	1	7	8	2	
8	2	8	5	7	3	4	1	9
7	9	3	2	1	5	8	4	
5	4	1	3	6	8	9	2	7
8	6	2	4	8	7	3	5	1
2	7	5	9	8	6	1	4	3
9	3	4	1	5	2	8	7	6
1	8	6	7	3	4	2	9	5

Fácil

6	5	8	1	4	7	3	8	2
7	2	3	8	9	5	4	8	1
8	4	1	2	3	6	8	7	5
3	8	4	5	2	1	9	7	6
4	9	2	7	8	1	6	5	3
1	7	5	3	6	8	2	4	9
9	6	7	5	1	3	2	4	8
2	1	4	6	7	8	5	3	9
5	3	8	9	2	4	7	1	6

Difícil

Consulta os eventos en:
www.amariñaxa.com

AMARIÑAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661-464-323

redaccion@amariñaxa.com

DE RUTA EN RUTA

Cervo: Ruta do Sendeiro Azul

Trátase dun percorrido de 2,36 quilómetros que pasan pola praia do Torno e a ría de Lieiro, entre outros puntos de interese

Este Sendeiro Azul atópase na localidade de San Cibrao e conta cun percorrido de 2,36 quilómetros. A maior parte do seu traxecto transcorre no perímetro da praia do Torno, que conta cunha Bandeira Azul, e da ría de Lieiro, e ademais conta cunha espectaculars e fermosas vistas.

A praia do Torno é de area branca e a súa contorna atópase urbanizada, coa típica especie faunística do litoral. Integrada no casco urbano de San Cibrao, esténdese dende a ría de Lieiro ata a zona portuaria. Aínda que está rodeada de edificacións máis modernas, a vista do porto e da Concha, xunto coas súas embarcacións e coa Anxuela ao fondo fan desta praia un lugar moi acolledor para pasar o día e desfrutar dunha xornada de mar.

O itinerario do roteiro permite a observación do conxunto de planicies intermareales, marismas e cordóns dunares que conforman un espazo de gran biodiversidade e valor paisaxístico.

Así mesmo conxuga o pasado e presente, e proba diso son as carpinterías de Ribeira, as fábricas de salgadura e o serradoiro sen deixar de facer referencia á popular festa e lenda da Maruxaina que se celebra todos os segundos sábados de agosto. Para desfrutar ao máximo desta camiñata haberá moitos espazos de recreo e espaxamento en todo o percorrido.

Dende a antiga fábrica de salgadura e serradoiro comeza ou finaliza a ruta Sendero Azul. Esta edificación atópase perfectamente restaurada e segura. Nela pódense ver os fosos onde se depositaba o sal e nos cales se gardaba o peixe cando o traían os barcos ao porto de San Cibrao. Está perfectamente iluminada polo que pode visitarse tanto polo día coma pola noite.



DATOS



30 min.



2,36 km.

Dificultade
baixa


PARALELO43

Porque una buena web empieza...
por lo que no se ve

Si te planteas tener una web, cambiar la que tienes, mejorarla...

llámanos 607 963 291

porque un buen funcionamiento
empieza por dentro

